

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 1

SESION ORDINARIA DO 31 DE XANEIRO DE 2018

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
Caride Estévez, María José
Fernández Pérez, José Manuel
Iglesias González, Ana Laura
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Marra Domínguez, M^a Angeles
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Regades Fernández, David
Rivas González, Ángel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
Gago Bugarín, Diego José
González Sánchez, Elena
Muñoz Fonteriz, Elena
Piñeiro López, Ángel

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO

Jácome Enríquez, Xosé Lois
López Barreiro, Margarida
Pérez Correa, Rubén

NON ASISTEN:

Rodríguez Escudero, Cayetano (concelleiro do grupo municipal Socialista)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e doce minutos do día trinta e un de xaneiro do ano dous mil dezaioito, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Iglesias González, Jácome Enríquez, Lago Rey, López

Barreiro, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Piñeiro López, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Iniciamos Pleno do Concello número 1 do ano 2018, convocado por orde do día en poder das señoras/es concelleiras/os, constatamos quórum, ábrese sesión pública e iniciamos a sesión.

PARTE RESOLUTIVA

1(1).-ACTAS ANTERIORES: (EXTRAORDINARIA DO 22.11 E ORDINARIA DO 29.11.2017).

Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse ás actas do Pleno da Corporación correspondentes á sesión extraordinaria do 22.11 e ordinaria do 29.11.2017.

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

2(2).- DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGO DAS OBRIGACIÓNS PREVISTAS NO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR

PÚBLICO CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DO ANO 2017. EXPTE. 19319/541 (REXISTRO PLENO 1691/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 16 de xaneiro de 2018, o tesoureiro municipal emite o seguinte informe,

“LEXISLACIÓN APLICABLE.-

Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, modificado polo Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.

Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014.

Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade 2015 do MINHAP.

INFORME.-

I.- Ámbito obxectivo.

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son, polo tanto, as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos (capítulos II e VI do Orzamento de Gastos). Quedan fora do ámbito da Lei as operacións que no estean baseadas nunha relación comercial, tales como as que son consecuencia da relación estatutaria e de persoal ou as que son consecuencia da potestade expropiatoria ou da acción de fomento.

II.- Período legal de pago e data de inicio do cómputo do PMP (novo sistema de cálculo).

A Lei 11/2013, de 26 de xullo, de Medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, modifica no seu artigo 33, entre outros, o artigo 4 da Lei 3/2004, xa citada, establecendo:

“1. El prazo de pago que debe cumprir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad.

(.....)

2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios. En este caso, el plazo de pago será de treinta días después de la fecha en que tiene lugar la aceptación o verificación de los bienes o servicios, incluso aunque la factura o solicitud de pago se hubiera recibido con anterioridad a la aceptación o verificación.

3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda acordar un plazo superior a 60 días naturales. (...)”

Do mesmo modo, na súa Disposición Final sétima modifica o artigo 216.4 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público:

“La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 222.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá de haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en los artículos 222.4 y 235.1, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o

prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación”

Pola súa parte, a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, incluíndo no seu apartado catorce a disposición adicional quinta co seguinte literal:

“Disposición adicional quinta. Plazo de pago a provedores.

Las referencias en esta ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días.”

A Administración, polo tanto, dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desta data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso.

O inicio do cómputo do período medio de pagamento, tanto das operacións pagadas como as pendentes de pago, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, dende o rexistro da factura na plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou se fose o caso de acredores non suxeitos a obriga de presentar a mesma na Plataforma Face por non estar no ámbito que regula o artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo. En todos os supostos, o rexistro da factura supón o rexistro automático no rexistro contable de facturas, escomezando o período de cómputo.

Así, o inicio do cómputo do período medio de pago ou «dies a quo», tanto das operacións pagas como as pendentes, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, en coherencia coa normativa de morosidade aplicable «desde a entrada da factura ou documento xustificativo no rexistro administrativo que corresponda», consecuentemente, o máximo conforme á normativa actual, serían 60 días en total, (desagregado en 30 días desde entrada en rexistro para aprobar e 30 desde a aprobación ou recoñecemento para o pago).

Salvo de casos particulares como a Certificación Final de Obra (3 meses para aprobar e 30 días desde esta para pagar) e en caso de liquidación de Contrato (60 días para pagar desde a aprobación da liquidación de contrato).

III.- Estrutura e datos a incluír nos Informes de Morosidade.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou no ano 2015 unha nova *Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade*, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio:

Ministerio([http://www.minhaf.gob.es/Documentacion/Publico/DGCFEL/Instruccion esAplicaciones/ManualUsuarioMorosidadv20.pdf](http://www.minhaf.gob.es/Documentacion/Publico/DGCFEL/Instruccion%20esAplicaciones/ManualUsuarioMorosidadv20.pdf)), que dispón que os informes haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo, independentemente da data de rexistro da factura ou certificación de obra.

O artigo 16.6, da Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014, establece que:

"O informe trimestral, regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na que se incluírá, polo menos, de acordo coa metodoloxía establecida para o cálculo o período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas, o detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores, así como das operacións pagadas e pendentes de pagamento de cada entidade e do conxunto da Corporación Local. "

A base de datos que se ten en consideración para a análise dos datos que conforma o informe, e a mesma que a utilizada mensualmente para dar cumprimento ao previsto no Real Decreto 635/2014 e para dar a información requirida polo MINHAP para dar cumprimento á Lei de morosidade, é dicir, o Rexistro Contable de facturas, cuxo funcionamento de anotación de facturas é en tempo real, no mesmo momento no que se fai a anotación no rexistro da plataforma FACe ou no Rexistro Xeral do Concello, polo tanto, o sistema de información é totalmente garantista do estado no que se atopa calquera factura.

Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

Pagamentos realizados no trimestre.

- Intereses de demora pagados no trimestre.
- Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.
- Detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores

IV.- Datos correspondentes ao 4º trimestre do ano 2017.

En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o

funcionario que subscribe ten a ben remitir ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas correspondentes ao 4º trimestre do exercicio 2017 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigas pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo e o seu Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo e do seu Organismo Autónomo (Rexistro contable de facturas).

Achégase a información que se envía ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, que se incorpora a páxina web do Concello de Vigo, información económica e o portal de transparencia.

Situación	Entidade Local	Xerencia M. Urbanismo
Pagos feitos no trimestre		
<i>Dentro do período legal de pagos</i>		
Nº de pagos	4.468	104
Importe dos pagos	46.190.664,80	264.509,97
<i>Fora do período legal de pagos</i>		
Nº de pagos	3	0
Importe	1.422,94	,00
PMP (período medio de pago do trimestre)	16,34 días	17,87 días
Intereses de demora pagados no trimestre		
Nº de pagos	,00	,00
Importe	,00	,00
Pagos pendentes ao remate do trimestre		
<i>Dentro do período legal de pagos</i>		
Nº de pagos	2.124	21
Importe dos pagos	13.185.466,82	97.798,12
<i>Fora do período legal de pagos</i>		
Nº de pagos	4	0
Importe	29.096,72	,00
PMPP (Período medio pendente de pago do trimestre)	6,85 días	9,50 días

O "Período medio de pago" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días medio que se tardou en realizar os pagamentos, contados dende a data de recepción (Rexistro FAcE ou Rexistro Xeral do Concello) da factura.

O "Período medio do pendente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

En relación coa facturación pendente de pago que afecta a 2.124 facturas, teñen unha antigüidade media de 6,85 días

En canto ás facturas pendentes de pago ao peche que está fora do período medio de pago, pola súa pequena contía non merece comentario.

Resumo por trimestres de morosidade

En días

Lei 3/2004, Lei 15/2010, Artigo 216 do TRLCSP, aprobado polo RDL 3/2011, ano 2017				
Trimestres	Entidade Local		Xerencia Municipal Urbanismo	
	PMP/días	PMPP/días	PMP/días	PMPP/días
Primeiro Trimestre	19,86	12,19	21,24	12,93
Segundo Trimestre	22,95	8,86	18,96	2,36
Terceiro Trimestre	20,84	14,79	10,93	2,21
Cuarto Trimestre	16,34	6,85	17,87	9,5

En contías e nº de pagos

Período	Entidade Local				Xerencia M. Urbanismo	
	Dentro do período de pago		Fora do período de pago		Dentro do período de pago	
	Nº pagos	Importe	Nº pagos	Importe	Nº pagos	Importe
Primeiro Trimestre	5.614	31.804.211,27	7	10.408,34	86	233.031,29
Segundo Trimestre	4.357	32.508.507,61			85	218.632,82
Terceiro Trimestre	4.586	29.695.592,35	6	22.288,84	67	162.392,82
Cuarto Trimestre	4.468	46.190.664,80	3	1.422,94	104	264.509,97
Total	19.025	140.198.976,03	16	34.120,12	342	878.566,90

Tendo en conta que a administración dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta

días a partir desa data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso, se se esgotasen os prazos previstos para a aprobación e para o pago, se disporían de 60 días.

En ningún trimestre se chega nin a metade do prazo legal de pago

Dos datos que se amosan na táboa de morosidade comercial, os mesmos están moi alonxados deses 60 días.

Achégase igualmente os datos dos días de pago tanto en períodos trimestrais como mensuais en relación co Real Decreto 635/2014.

Resumo do Período medio de pagos mensual (PMP, RD 635/2014 e 1040/2017)

En días para todo o perímetro de consolidación

PMP , Real Decreto 635/2014, ano 2017												
Institución	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	setembro	outubro	Novembro	Decembro
Ent. Local	-12,62	-12,48	-12,2	-9,23	-9,14	-11,50	-12,54	-9,98	-11,36	-13,95	-11,69	-19,87
FAIMEVI				10	-25,13	-7,96	-15,32	18,81	-4,26	-0,20	9,81	27,15
MARCO	52,48	37,7	2,05	16,27	9,96	14,12	9,68	10,63	6,88	-8,39	-1,05	-1,14
XMU	-20,46	-13,85	-10,37	-11,59	-17,13	-20,01	-18,90	-20,70	-25,68	-14,56	-18,11	-17,08
PMPGlob.	-12,12	-11,82	-12,10	-9,06	-9,06	-11,38	-12,42	-9,89	-11,43	-13,94	-11,69	-19,81

Por contías, para a Entidade e o seu Organismo Autónomo

Mes	Entidade		PMP	Xerencia M. Urbanismo		PMP
	Importe			Importe		
	Pagado	Pt. pago		Pagado	Pt. pago	
Xaneiro	12.734.575,76	1.791.098,42	-12,62	16.237,36	31.069,81	-20,46
Febreiro	6.684.549,91	5.004.355,22	-12,48	45.529,51	47.441,56	-13,85
Marzo	12.339.396,47	4.198.542,93	-12,2	139.231,89	50.108,50	-10,37
Abril	9.616.170,47	5.172.242,28	-9,23	60.117,36	23.578,89	-11,59
Maio	11.451.704,00	4.609.696,80	-9,14	60.330,57	34.780,68	-17,13
Xuño	11.413.173,43	3.333.494,19	-11,5	55.085,10	23.329,75	-20,01
Xullo	7.962.620,28	5.815.713,43	-12,54	43.707,50	34.823,68	-18,9
Agosto	12.341.355,79	3.127.762,86	-9,98	44.443,98	8.742,25	-20,7
Setembro	9.393.481,53	3.037.940,23	-11,36	67.731,19	61.264,04	-25,68
Outubro	10.112.304,47	4.378.686,45	-13,95	127.245,88	42.304,13	-14,56
Novembr	13.725.685,99	4.585.588,29	-11,69	57.189,46	45.613,41	-18,11

o						
Decembr o	22.474.517,55	13.194.345,53	-19,87	80.074,63	97.798,12	-17,08
Total	140.249.535,65	13.194.345,53		796.924,43	97.798,12	
P.MEDIO			-12,98			-16,69

As pequenas diferencias entre os pagos tomados en conta pola Lei 3/2004 e o RD 635/2014, está nas retencións, nun caso son tomadas como pagos e noutro non, aínda que, como se pode comprobar a diferenza e de escasa importancia.

En relación co PMP, os días negativos que se reflicte na táboa, supón que os pagamentos fixéronse cunha antelación aos trinta días fixados polo RD 635/2014.

En canto aos pagos pendentes a 31 de decembro, ao día de emitir este informe, dos pendentes de débeda comercial, atópanse pagados.

O que poño en coñecemento da Concellalía delegada de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e ós efectos oportunos”

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, sa súa sesión ordinaria do 24.01.18, quedou informada.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Neste caso para informar do cumprimento dos pagos no carto trimestre do ano 2017 que poñen de manifesto a boa xestión económica que se está a facer por parte deste goberno municipal, non só porque amosa unha execución do orzamento do 2017 correcta, senón tamén porque amosa a existencia dun Plan de pago aos provedores que evita esas tensións de tesourería nas empresas e que facilite dispor do pagamento no menor prazo posible. Hai que dicir que dentro do contexto do Estado, tan só catro cidades de máis de 100.000 habitantes están nun rango de pago antes de que comece a computar ese prazo máximo de pago a provedores e hai que dicir que Vigo se consolida no ano 2017 como a primeira cidade en pago a provedores, polo tanto, Vigo é a cidade referente do resto dos concellos deste estado, mérito deste goberno e mérito do Alcalde desta cidade, hai que dicir que os prazos de pago no último trimestre do ano se atoparon no seguinte rango, en -13,94 días no mes de outubro, en -11,69 días no mes de novembro e en -19,87 días no mes de decembro, polo tanto, prazos de

pago áxiles, rápidos que permiten ás empresas, aos provedores deste Concello dispor dos recursos necesarios para satisfacer, digamos a súas obrigas e ser máis competitivos tamén no mercado, pero como dicía ao inicio amosa tamén a existencia dun plan de pago aos provedores e dunha boa xestión económica por parte deste Concello. Neste carto trimestre do ano pasado, do 2017 fixéronse un total de 4.572 pagos por un importe de máis de 46 millóns de euros, a situación das facturas pendentes de pago ao finalizar o trimestre, e eses 2.124 pagamentos que quedaron pendentes por un importe de 13 millóns, amosa un prazo de pago de 6,85 días, polo tanto, tamén un prazo de pago extraordinariamente reducido e que facilita a xestión para as empresas.

No contexto do ano, porque así se pode ver no último trimestre os datos son tamén altamente positivos, dos 5.600 pagos no primeiro trimestre, dos 4.300 do segundo trimestre, dos 4.500 pagos no terceiro trimestre e dos 4.468 pagos no carto trimestre do ano, sempre se pagou antes de que comezase a computar ese prazo de pago aos provedores, no contexto dos 10 días, de dúas semanas, polo tanto, dende que se recibe a factura, os provedores deste Concello perciben as cantidades endebedadas por este Concello. Polo tanto é un luxo para os provedores poder contratar con este Concello porque saben que é un Concello cumpridor, que paga rápido aos seus provedores cando non contexto do Estado, a media de pago aos provedores por parte dos concellos está en máis 61 días, polo tanto, en máis de dous meses no contexto do Estado cando en Vigo á volta de dúas semanas os provedores cobran os seus importes. Polo tanto, amosa a boa xestión económica deste goberno, que nunha media ponderada sitúase nos -12 días de pago a provedores, polo tanto, isto permite tamén entender porque temos os bos resultados económicos que temos na execución dos orzamentos e na propia xestión económica, e permite entender porque temos máis de 12 millóns de euros de superávit das contas do ano 2017. Máis de 12 millóns de euros de superávit que este goberno quere adicar á cidadanía, que este goberno quere adicar, esa boa xestión económica, a satisfacer ás necesidades das viguesas/es, a satisfacer as necesidades da cidade, e por iso non entendemos por que o goberno do Estado, o Sr. Montoro e o Sr. Rajoy non permiten aos concellos saneados con boa xestión económica como é o caso de Vigo a adicar eses recursos que obtemos pola boa xestión económica a satisfacer ás necesidades dos cidadás desta cidade, por iso

esperamos tamén que o Partido Popular na súa quenda de intervencións clarexe se o goberno do Estado vai permitir usar ese superávit e por suposto que esixa ao Sr. Montoro a esixencia dese superávit.

SR. PÉREZ CORREA: Como este era un Pleno bastante quente, pois imos comezar moi positivos, polo menos este grupo municipal, e dicir que os datos son bos, así podemos utilizar a táctica de primeiro a man e logo a pedra, felicitar en todo caso porque en todo caso a asociación de autónomos do Estado español felicitou en concreto a tres concellos, Fuengirola, Vigo e Málaga, precisamente por estar no que corresponde ao ámbito local, ser os tres concellos do Estado co período medio de pago máis rápido, sempre dixemos que se tiña que ir mellorando nese senso porque son os autónomos os que crean gran parte do emprego neste país, as empresas incluso de menos de 5 de traballadores son máis do 80% do traballo xerado nalgúns das comunidades autónomas, é un datos positivo pero nos o que queremos é deslígalo obviamente da xestión económica, porque senón sería dicir que como estado español que pagou en decembro por exemplo, un período medio de pago de 12 días ou a Xunta de Galicia que entre outubro e novembro estivo no 6,10 e os 8,19 días de período medio de pago, sería dicir que hai unha xestión boa na Xunta de Galicia, no goberno do Estado simplemente porque pague antes ou despois aos provedores, é un indicador positivo porque lle permite liquidez a unha parte substancial do tecido produtivo deste país pero nós pedimos, e creo que é bastante de xustiza, desligar iso a unha boa xestión económica, é simplemente que se lle paga antes aos provedores, entre outras cousas, porque a lei obriga primeiro a realizar estes pagos antes incluso que poder destinar recursos a outra cousa. O dato é sensiblemente bo, é certo tamén que o número de pagos é substancialmente menor que o mesmo trimestre do ano anterior, 5.833 pagos en 2016 fronte aos 4.468 deste trimestre, a menos pagos tamén obviamente os importes son menores ou polo menos a xestión económica son menos pagos e permite polo menos aos recursos administrativos do Concello facer eses pagamentos dunha maneira máis rápida, nós seguimos pensando que se ten que buscar obviamente o equilibrio entre a auditoría e o control das facturas emitidas polos provedores e o pago, cremos que iso tamén non deberíamos comezar as administracións a ver quen é o primeiro que paga porque moitos servizos e

cuestións que se poñen enriba da mesa, obviamente hai un recoñecemento de factura pero tamén tería que haber unha comprobación de que efectivamente os servizos se están a dar con calidade, que se cumpren os contratos ou os acordos comerciais, os acordos de subministros, de servizos e polo tanto tampouco debería ser isto unha carreira brutal, máxime cando os que estamos na empresa privada sabemos que hoxe en día o habitual é que sexan as administracións públicas as que pagan antes que os acordos entre empresas, entre outras cousas incluso, con diferencias de máis de dous meses, iso é bastante habitual que comecen a aparecer os pagos a 90 días, que durante moitos anos pois non estaban presentes, só para algúns sectores como a banca e incluso nalgúns sectores industriais están asinando pagos a 120 días, polo tanto é positivo este dato, que sexan ademais os autónomos, a asociación maioritaria de autónomos do estado español a que recoñece Fuengirola 11 días, Vigo 18 días, Málaga 26 días, sería Málaga en todo caso a cidade máis comparable coa situación de Vigo, pero que non ligamos isto a unha xestión económica boa senón a un cumprimento da lei e como digo e o illamos completamente do que é unha xestión económica, entre outras cousas porque administracións que para nós están a facer unha xestión dos recursos públicos nefasta como é a Xunta de Galicia e o Goberno central, están a pagar en ratios sensiblemente menores que o Concello de Vigo e iso non fai a xestión destas administracións nin positiva, nin dende logo está a axudar ao desenvolvemento económico de Galicia.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade é que unha vez que xa nos puxemos as medallas pois agora teremos que analizar porque se produce este dato, porque Sr. Aneiros, vostede como sempre se queda nos datos, nas cifras pero non vai realmente ao fondo do asunto que é o que lle interesa a tódolos vigueses/as e xa llo dixen outras veces no Pleno cando presentan vostedes os informes de prazo de pago, xa só fallaría que non pagaran rápido co remanente de Tesourería que teñen vostedes, acumulado de anos e anos, e coa caixa que teñen no Concello, xa só fallaría, sabe cal son os que si pagan en prazo? Os que si que cumpren e os que merecen a medalla? Tódolos vigueses/as, que cumpren e pagan puntualmente os impostos, tódolos anos, e o que teñen que facer é recibir eses impostos que pagan en mellores servizos, pero desgraciadamente iso non é o que reciben, porque

vostedes ano tras ano deixan cartos sen gastar, e enriba queren poñerse unha medalla dicindo que é que teñen superávit e son vostedes os que campións do superávit, non, son vostedes os campións da mala xestión, e un superávit de 12 millóns de euros, significa que hai 12 millóns de euros que foron pagados dos petos de tódolos vigueses/as, e vostedes foron incapaces de gastar eses cartos en darlles no ano 2017 mellores servizos, esa é a realidade Sr. Aneiros da súa xestión, esa é a realidade, e non contentos con iso seguen subindo os impostos ano tras ano porque agora que estreamos o 2018 tódolos vigueses van pagar máis impostos que no ano 2017 e van pagar máis impostos de bens inmobles, e temos o impostos de bens inmobles o tipo máis alto de toda Galicia e van pagar máis imposto de actividades económicas, as empresas, dígallo ás empresas que están indo de Vigo cara outros sitios entre outras cousas pola presión fiscal que soportan e pagan máis taxa do lixo este ano tamén, e pagan máis imposto de circulación, e pagan máis da taxa da grúa, imaxínome que terá lido o informe da organización de consumidores que di que Vigo é tamén a cidade que máis cobra pola grúa e como xa falaremos moito dese tema hoxe, tamén van pagar máis pola taxa da auga, Sr. Aneiros, máis por unha auga amarela, por unha auga en malas condicións, vostedes cobran máis por todo, xa só falla que nos cobren por saír da casa, e logo que fan con eses cartos? Pois incrementar o remanente de Tesourería, incrementar a caixa e seguir presumindo de superávit, non, estamos nunha administración pública, díxenllo outras veces e llo digo agora e o obxectivo non é ter superávit nin ter beneficios, o obxectivo é gastarse os cartos dos cidadáns en darlles servizos e aí fallan vostedes estrepitosamente ano tras ano e por moito que nos queira vir vostede aquí a presumir de prazo de pago, por certo, curiosamente nos achegan estes prazos de pago cando aínda non nos deron os datos da execución ao final de ano, necesitamos os datos da execución de final de ano porque claro haberá que ver todo o que deixaron sen executar para ter eses 12 millóns de euros de superávit e que obras quedaron para o ano que ven como sempre e que servizos non se prestaron.

Así que, sinceramente non creo que sexa para sentirse demasiado orgulloso deses datos e deses prazos de pago, por iso xa só fallaría que vostedes non pagaran rápido, xa sería o colmo, o que deberían facer é xestionar e preocuparse máis por xestionar porque teñen contratos e contratos pendentes de adxudicar, porque se

eterniza en adxudicar os contratos porque onde está a adxudicación do contrato da ORA, onde está a adxudicación dos contratos dos aparcadoiros, onde está o do contrato do lixo, non son vostedes capaces de facer diligentemente nin unha soa adxudicación, temos prorrogados os contratos e ven aquí a presumir de xestión porque pagan rápido? Esa película dende logo non nola cremos e non lla compramos, o que queremos é que vostedes xestionen, o que queremos é que aos vigueses lles baixen os impostos porque son vostedes incapaces de gastar os cartos que eles pagan en impostos e o que queremos é que xestionen ben, e por certo eses 77 millóns de euros de posible responsabilidade patrimonial polo Auditorio tamén os van pagar rápido ou que imos facer? Porque eu espero velos nas contas do ano 2017, espero velos na liquidación das contas do ano 2017 porque é un risco certo que neste momento está a soportar as contas de tódolos vigueses e os petos de tódolos vigueses, diso tamén sería bo que falaran.

SR. ANEIROS PEREIRA: Non podemos polo menos que compartir os parabéns do grupo da Marea pero tamén é certo que hai que corrixir algunhas das súas afirmacións porque non se pode desligar o período de pago de provedores da xestión económica, incluso da boa xestión económica, agora llo explicarei, mire, tampouco do control dos servizos e do control das facturas porque o procedemento que temos establecido no Concello implica que cando se reciba unha factura o servizo, a prestación do servizo, comproba que se corresponde co contratado, se anota contablemente esa factura, ese intercambio de información coas administracións coas que hai que intercambiar información, todo isto nun prazo extraordinariamente rápido para dotar de maior liquidez ás empresas, polo tanto é unha xestión económica que se fai dende este Concello, pero a mais, non podemos compararnos nin coa Xunta de Galicia nin co goberno do Estado, coa Xunta de Galicia está claro que non podemos compararnos cando o propio Ministerio de Facenda di que a comunidade autónoma de Galicia é unha das que peor executa os seus orzamentos, é algo sinxelo de entender noutras verbas, se non se tramitan facturas evidentemente non se incumpren prazos de pago, están en mellores condicións de pagar axiña que se se tramitan máis facturas como é o caso de Vigo, estamos nunha media de 4.500 facturas tramitadas ao trimestre no Concello de Vigo, fronte a moitas menos que se tramitan na Xunta de Galicia e por suposto no

gobierno do Estado que ten como todos sabemos uns orzamentos prorrogados e polo tanto con moitos das súas partidas sen poder executar, polo tanto se que hai que poñer en contexto e en conexión a boa xestión económica, o pagamento a provedores e a execución dos orzamentos da respectiva administración, polo tanto, si ten que ver. E mire non se trata evidentemente dunha carreira por ver quen é o primeiro, non, non se trata diso, trátase de xestionar ben, axiña, de facilitar aos provedores liquidez para que non teñan problemas de Tesourería para que podan manter emprego, para que sexan competitivos e para que o noso tecido produtivo sexa un tecido produtivo competitivo.

Pero mire, tamén temos que enfrontarnos aos apóstoles da crise que isto é o Partido Popular e particularmente a Sra. Muñoz, porque en lugar de coller o guante que lle votei, en lugar de poñerse ao carón da cidade, en lugar de comprometerse a solicitarlle ao goberno do Estado ao Sr. Montoro que permita utilizar ese superávit que ten esta cidade que conseguiu este goberno local, en lugar diso segue cos seus mantras, a subida de impostos, non fala da subida de impostos da Xunta de Galicia co canón eólico, co imposto da contaminación atmosférica, co imposto sobre a auga embalsada, non fala diso, fala da fuga das empresas pero non se sabemos se é a fuga das empresas do Porto de Vigo que se van a outro sitios.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

3(3).- APROBACIÓN DO “ESTUDO ESPECÍFICO DA SITUACIÓN DERIVADA DA ANULACIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO 2008 NO ÁMBITO A-7-02 “RECARÉ” COMO ORDENACIÓN PROVISIONAL, DE CONFORMIDADE CO PREVISTO NO ARTIGO 88.CINCO DA LEI 2/2017, DO 8 DE FEBREIRO, DE MEDIDAS FISCAIS, ADMINISTRATIVAS E DE ORDENACIÓN. EXPTE. 16308/411 (REXISTRO PLENO1690/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 15 de xaneiro de 2018, o Xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo, emite o seguinte informe proposta,

“I.- ANTECEDENTES E FEITOS

1.- Danse por reproducidos na súa totalidade, por mor das necesarias concisión e brevidade, e por non incorrer en repeticións innecesarias, o relato de feitos e a fundamentación xurídica que obran na proposta do Xerente de urbanismo de data 13.11.2017 que serviu de base á Resolución adoptada pola Vicepresidencia desta XMU na mesma data, pola que se dispuxo, *prestar conformidade ao “Estudo específico da situación derivada da anulación do instrumento de ordenación para o ámbito A-07-02 Recaré” presentado con data do 27.10.2017 por dona María Luisa Iglesias Fernández, quen actúa en calidade de mandataria da entidade “Inmobiliaria Recare, SL”, previsto no artigo 88 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de Medidas Fiscais, administrativas e de ordenación, solicitando desta Administración a súa remisión aos órganos competentes da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, con independencia do expediente tramitado a instancia do Concello con núm. 16022/411; e remitir o nomeado Estudo á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, solicitando a emisión do informe urbanístico e do informe ambiental referidos no artigo 89.2 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, Administrativas e de Ordenación.*

Da antedita Resolución tomou coñecemento o Consello da XMU na sesión ordinaria que tivo lugar o 16.11.2017, no exercicio das súas labores de control estatutariamente atribuídas.

2.- Mediante oficio da Vicepresidenta da XMU de data 13.11.2017 (núm. de saída 22823-2017) remitíase á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, un exemplar en formato papel do nomeado Estudo, aos efectos de que polos órganos competentes se emitan os informes urbanístico e ambiental, ao abeiro do pautado no artigo 88.2 da LMFAO.

3.- Así as cousas, con data do 19.12.2017 tiña entrada no Rexistro xeral desta XMU (doc. Núm. 170177287) un oficio subscrito pola Secretaria xeral técnica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, polo que se remiten o informe urbanístico e ambiental, co contido que de seguido se expoñerá.

4.- Xa que logo, e de conformidade co “ iter procedimental” pautado pola LMFAO, no seu Título V baixo o epígrafe “*Medidas provisionais de ordenación urbanística*”, artigos 88 e seguintes, procede neste intre aprobar polo Concello de Vigo o “*Estudo específico da situación derivada da anulación do Plan xeral de Ordenación municipal de Vigo 2008 no ámbito A.-7-02 Recaré*”, como proposta de ordenación provisional das previstas na Lei 2/2017, do 8 de febreiro, logo da emisión dos informes urbanístico e ambiental de carácter vinculante, polos órganos

competentes da Comunidade Autónoma, tal e como se indicou nas alíneas precedentes.

5.- O presente Estudo específico, ao que neste intre se presta aprobación polo órgano municipal competente, ten como finalidade a implantación de actividades económicas, empresariais ou produtivas (artigo 90.1 da LMFAO) a posta en servizo de espazos para o desenvolvemento de actividades económicas previstas no PXOM declarado nulo e completación do sistema xeral viario da cidade (artigo 92 da LMFAO).

II.- FUNDAMENTOS XURIDICOS

I.- Xustificación da necesidade da adopción das medidas de ordenación

Xa dende un primeiro intre cómpre indicar que a xustificación da presente proposta/Estudo específico de ordenación provisional para o ámbito A-7-02 Recaré, se encontra no teor literal da propia LMFAO, concretamente no seu Título V, artigo 84 e seguintes, xa que a declaración de nulidade de todo o PXOM de 2008 do Concello de Vigo, supuxo que recobrara vixencia o PXOM de 1993, que non responde á realidade urbanística actual neste ámbito, impedindo a consecución dos obxectivos esenciais que establecía o Plan anulado.

Os obxectivos xerais propostos para a recuperación da ordenación anulada no ámbito A-7-02 Recaré, poden considerarse, dun modo non excluín-te, os seguintes:

- A proposta xustifícase en base ao disposto no artigo 92 da LMFAO, supondo a recuperación do ámbito AOD A-7-02 Recaré do PXOM de 2008, a implantación dun uso terciario en substitución de usos hoteleiros (Solo urbanizable programado 03 09 B-B SUP PP 2 Recaré 2, e o Plan Parcial 03-09- Recaré 2 que o desenvolve, aprobado definitivamente o 28 de xuño de 2001) e residenciais (núcleos rurais de Parrocha e Mosteiro; tamén era de uso residencial o solo urbanizable non programado 03 07 B- B SUNP PAU 4 Recaré, pero pola Disposición Transitoria da LSG, aplícaselle o réxime de solo rústico.

- Asemade, existe unha clara afección a elementos fundamentais da estrutura xeral e orgánica do territorio, o que xustifica establecer medidas de ordenación provisional para o ámbito. A AOD A-7-02 Recaré é lindeira coa autovía A-55; Por contra, o PXOU de 1993 e o PP que o desenvolve e que recobra vixencia prevé un acceso directo ao vial, hoxe autovía, que actualmente non é factible materializar.

- Respectar as sentenzas firmes que declaran a nulidade do PXOM de Vigo de 2008 no marco do indicado na LMFAO, incorporando o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada, con participación do órgano ambiental na decisión, ao procedemento de aprobación da ordenación provisional.

No nomeado *“Estudo específico da situación derivada da anulación do PXOM de Vigo 2008 no ámbito A-7-02 Recaré e proposta da súa inclusión como ordenación provisional da Lei 2/2017”*, se xustifica a necesidade da adopción de ditas medidas, de conformidade co disposto no artigo 92 da LMFAO identificándose unha casuística

heteroxénea na que se inclúe concretamente a concorrencia dun especial interese xeral, que se concreta na concorrencia dalgunha destas circunstancias:

- polo seu carácter dotacional ou de equipamento público ou privado,
- por tratarse da planificación de espazos para actividades económicas ou áreas para actividades produtivas ou empresariais que acollan usos industriais, terciarios ou comerciais en substitución de usos residenciais,
- pola afección a elementos fundamentais da estrutura xeral e orgánica do territorio,
- polo grao de desenvolvemento alcanzado durante a vixencia do Plan anulado ao que substitúe a ordenación provisional, ou,
- pola súa inclusión nun plan estratéxico municipal,

Por outra banda, cómpre indicar que en cumprimento do disposto no artigo 90 da Lei 2/2017, a ordenación que pretende recuperarse coincide coa proposta incluída no PXOM anulado, incorporado a ficha do ámbito A-7-02 Recaré; Asemade cúmprese o requisito imposto polo artigo 87 da LMFAO relativo a incoación do procedemento de revisión do Planeamento xeral.

En conclusión, e a teor do exposto, resulta xustificada a conveniencia da tramitación do instrumento urbanístico de ordenación provisional do ámbito A-7-02 Recaré, no marco da execución do principio de desenvolvemento territorial e urbano sostible que promove o RDL 7/2015, e que esixe aos poderes públicos que formulen e desenvolvan. No medio urbano, as políticas da súa respectiva competencia, de acordo cos principios de competitividade e sustentabilidade económica, social e ambiental, cohesión territorial, eficiencia enerxética e complexidade funcional, procurando que, estea suficientemente dotado, e que o chan se ocupe de maneira eficiente, combinando os usos de forma funcional.

II.- Os informes ambiental e urbanístico emitidos pola Directora xeral de ordenación do Territorio e Urbanismo e pola Directora Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático en datas 29.11.2017 e 12.12.2017 respectivamente, a cuxo íntegro contido nos remitimos, pronúnciase sobre as diversas circunstancias que concorren para acreditar o especial interese xeral no desenvolvemento do ámbito do A-7-02 Recaré, e que permiten o establecemento de medidas provisionais de ordenación urbanística, en base ao previsto no artigo 92 da LMFAO, por tratarse dun ámbito suxeito a desenvolvemento urbanístico.

Neste senso, e no que atinxe ao informe urbanístico o mesmo conclúe que, *“Analizada a documentación remitida polo Concello de Vigo correspondente ao “Estudo específico da situación derivada da anulación do Plan xeral de ordenación municipal de Vigo 2008, no ámbito A-7-02 (RECARE) e proposta da súa inclusión como ordenación provisional ao abeiro da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación” aos efectos da emisión do informe*

urbanístico de conformidade co artigo 88.3 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, a proposta axústase ao previsto na citada Lei, nomeadamente no relativo aos ámbitos suxeitos a desenvolvemento, nos termos previstos no artigo 92 da mesma.

Compre indicar que no dito informe, facíase constar expresamente e no que se refire ao contido do estudo, que non está asinado por técnico responsable; Neste senso, o 21.12.2017 achegase pola representación da entidade “Inmobiliaria Recaré, SL” o referido estudo, (co mesmo contido que o anteriormente presentado), asinado dixitalmente pola arquitecta dona M^a Luisa Iglesias Fernández colexiada núm. 2981 do COAG e pola avogada do ICAVIGO dona M^a Carmen Vilas Soto co núm. 1720 de colexiada, documentación que anula e substitúe á anteriormente presentada, subsanando deste xeito o erro material sinalado no antedito informe urbanístico da Directora xeral de ordenación do territorio e urbanismo.

Pola súa banda, o informe ambiental pronúnciase sobre a tramitación ambiental concluíndo que, en base a documentación achegada *procede inicialmente someter as medidas de ordenación provisional no ámbito A-7-02 Recaré do Concello de Vigo ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificado.*

III.- Emitidos os referidos informes, de carácter favorable, coas consideracións que neles se indican, procede neste intre, aprobar polo Concello de Vigo o Estudo específico da situación derivada da anulación do PXOM de Vigo de 2008 no ámbito A-7-02 Recaré, como ordenación provisional das previstas na LMFAO, tendo en conta as consideracións que neles se indican (artigo 88.cinco da LMFAO).

IV.- Logo da nomeada aprobación, o procedemento a seguir para a aprobación do instrumento de ordenación provisional será o seguinte:

a) O Concello de Vigo remitirá ao órgano ambiental a solicitude de inicio de avaliación ambiental estratéxica simplificada, á que acompañará o borrador das ordenacións provisionais e o documento ambiental estratéxico, co contido establecido na lexislación vixente.

b) O órgano ambiental formulará o informe ambiental estratéxico no prazo máximo de dous meses dende a recepción dos anteriores documentos, tras identificar e consultar ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas. Publicarase no DOG e na sede electrónica do órgano ambiental.

c) O órgano municipal competente procederá a súa aprobación inicial e o someterá a información pública como mínimo durante vinte días, mediante anuncio publicado no DOG e nun dos periódicos de maior difusión na provincia e notificación individualizada a todos os titulares catastrais afectados. Neste prazo recadaranse os informes sectoriais e as consultas preceptivas.

d) Emitirase informe polos servizos técnico-xurídicos municipais sobre a integridade documental do expediente, das actuacións administrativas realizadas, da calidade técnica da ordenación proxectada e da conformidade da ordenación coa LMFAO.

e) O pleno do Concello de Vigo aprobará definitivamente as ordenacións provisionais de acordo cos apartados 2, 3 e 4 do artigo 82 da LSGA.

V.- Competencia

O artigo 88.5 da LMFAO establece no seu teor literal que, *“Unha vez emitidos os informes anteriores, o estudo será, no seu caso, aprobado polo concello, xustificando a necesidade da adopción das medidas de ordenación provisional previstas na presente Lei”*.

Xa que logo e a teor do exposto, e ao non establecer o amentado precepto con carácter expreso, o órgano municipal ao que lle correspondería dita aprobación, conclúese que, por analogía da competencia que se lle atribúe ao Pleno polo artigo 123.1.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e a maior abastamento, tendo este a consideración de ser o máximo órgano de control e de representación da cidadanía no Goberno municipal, e de conformidade co principio de seguridade xurídica, propónse ao Pleno do Concello, previo sometemento do asunto ao coñecemento do Consello desta XMU a adopción do seguinte...

A seguir o asinante formula a proposta que se contén na parte dispositiva do presente acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en data 18.01.2018, ditamina favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Como acaba de ler o Alcalde no asunto que nos compete, estamos a falar das consecuencias e intentar solventar os problemas derivados da nulidade do Plan Xeral do ano 2008, como ben saben o goberno municipal anunciou dende o primeiro momento que ía utilizar tódalas vías legais dispoñibles para intentar solventar os problemas das limitacións derivadas de volver ao Plan Xeral do ano 1993, tal é o caso que polo tanto utilizamos e habilitamos os mecanismos establecidos na lei 3/2016 para proxectos urxentes e de especial interese público, utilizamos tamén o previsto na lei aprobada hai preto dun ano, denominada de

acompañamento aos orzamentos, lei 2/2017, para a ordenación provisional, utilizamos a vía dos proxectos sectoriais para intentar solventar problemas de implantación da actividade económica, por exemplo para a ampliación do parque tecnolóxico loxístico e estamos na redacción do novo Plan Xeral, de tal xeito que como saben xa iniciamos o mecanismo de aprobación da ordenación provisional para todo o solo urbano consolidado de Vigo, preto de 23 millóns de metros cadrados, que teñen a virtualidade de recuperar a ordenación do ano 2008, pero ademais a grande vantaxe de que para todo ese espacio digamos a redacción do novo plan vai emular, copiar, incorporar esa ordenación provisional polo tanto non vai haber moitas discusións, nese trámite de ordenación provisional para solo urbano consolidado de Vigo, xa estamos co documento redactado de aprobación inicial que neste momento está sometido a informes dos organismos competencia do Estado fundamentalmente, preceptivos e vinculantes e que cando cheguen procederemos a aprobación inicial dese documento.

Agora estamos nun ámbito concreto, utilizando o mesmo mecanismo, no ámbito de Recaré, un ámbito adicado á actividade comercial, unha actividade que ten moita demanda na nosa cidade e polo tanto hai moitas empresas que desexan implantarse en Vigo, debido a que existe unha posibilidade do mercado de ofertar servizos aos cidadáns, non só desta cidade tamén da súa área de contacto, polo tanto para que podamos ter máis actividade económica, máis e mellor emprego. Nese senso o goberno local apostando polo comercio local como se pon de manifesto por exemplo, ao longo deste Nadal e polo tanto intentando potenciar a actividade do goberno local e tamén entende que hai espacio de oportunidades para ubicar outro tipo de actividades como estas, e neste espacio en concreto de Recaré, se unen tódolos requisitos promulgados pola lei que como dicía hai case un ano se aprobou, esa lei que di que para proxectos que teñen especial interese porque fomentan a actividade económica especialmente a actividade comercial, esa lei que nos di ademais que para todos aqueles ámbitos onde se mellora o sistema xeral como é este ámbito por exemplo, porque o ámbito de Recaré propón a incorporación dun enlace completo na autovía que permitirá a mobilidade deste ámbito tanto cara a Vigo, como cara a Porriño a través da A-55, polo tanto, melloran o sistema xeral, que ademais de forma clara mellora a situación establecida no Plan do 93, porque o Plan do 93, hoxe vixente, para este ámbito de

Recaré supoñía un incremento da edificabilidade do 50%, é dicir, a edificabilidade comercial prevista no ámbito de Recaré, no Plan do 93, son 151.000 metros cadrados, cando a edificabilidade comercial prevista no Plan do 2008 para o ámbito de Recaré sendo de tamaño maior que o previsto no ano 93, é de preto de 100.000 metros cadrados, polo tanto, volven ao Plan do 93 significa incrementar a edificabilidade deste ámbito nun 50%, nun ámbito que xa estaba desenvolvido e cunha licenza xa concedida, polo tanto, entendemos que todos melloramos, xerese un espazo de preto de 15.000 metros cadrados, se melloran as infraestruturas do contorno, mellorase a estrada Segade-Recaré, de tal xeito que entendemos que esta é unha actuación onde debemos recuperar a ordenación do ano 2008, a Xunta de Galicia no primeiro trámite a este estudo fixo informes favorables tanto dende a perspectiva da avaliación ambiental, dicindo que ten que ser simplificada, como dende a perspectiva urbanística, polo tanto, un entorno acaído para aplicar a ordenación provisional, que se tramita de forma diferente á ordenación provisional de todo o chan urbano de Vigo no que esperamos o seu apoio porque é bo para a cidade.

SR. PÉREZ CORREA: Nós estábamos esperando saber cal ía ser a intervención da concelleira, entre outras cousas porque nos gustaría coñecer cal é a súa posición sobre o que fundamenta este resucitar dun ámbito como o de Recaré, este resucitar que puxo a traballar ó departamento de infografía do Faro de Vigo dunha maneira brutal que xa temos hoxe outra infografía máis, este resucitar de repente dun ámbito comercial como outros moitos ámbitos que quedaron no fango da anulación do Plan Xeral, e nos gustaría que se dixera que isto non é unha vontade do Alcalde de Vigo, do grupo municipal socialista, que isto é a consecuencia dunha denuncia presentada o 7 de novembro do 2016, pola empresa Cecosa Hipermercados S. L. que interpón unha reclamación patrimonial ao Concello de Vigo pola anulación do Plan Xeral que a parte aquí para falar en termos cinematográficos, ponlle a cabeza do cabalo na cama do Concello e lle di que vostedes anúlanme un Plan, un ámbito que tiña eu para facer un centro comercial e que se poñan a traballar e mo legalicen porque senón denuncia patrimonial que figura no expediente e que a propia Xunta de Galicia pon enriba da mesa. Polo tanto, a información que tiñan que dar aos medios é que vostedes reactivan isto,

non por un interese comercial, non por unha defensa do futuro de emprego da cidade senón porque hai unha reclamación patrimonial que é obvio que a xente que tiña ámbitos cando se cae o Plan Xeral, pódeno facer, e a solución que vostedes poñen é: non esperar a un Plan Xeral, que é onde temos que definir economicamente onde van centros comerciais porque ao mellor estamos a saturar a cidade pola vía dos pequenos picos e imos saturando a cidade de centros comerciais, non por unha planificación integral senón aproveitar o chiringuito que a Xunta de Galicia lle permite montar que é a ordenación provisional; entón a min se me ocorre que calquera persoa ou entidade económica que tivera unha necesidade de levar adiante un ámbito comercial, industrial e que agora mesmo está empantanada pola anulación do Plan Xeral, o que ten que facer é interpoñer unha reclamación patrimonial e ameazar ao Concello de Vigo, meter máis cabezas de cabalo na cama do Concello de Vigo e a partir de aí vostedes van reaccionando a medida que chegan esas denuncias, iso non é facer urbanismo, a min non me vendan unha moto de que vostedes están a facilitar a actividade económica, que temos un motón de empresas que queren ir adiante, en realidade isto é o Erosqui que quere poñerse aí, hai unha anulación do Plan Xeral, responsabilidade deste goberno local en colaboración activa coa Xunta de Galicia, con esa reclamación patrimonial a única maneira que vostedes teñen de solventalo, pono o seguinte párrafo, “que a la fecha y no obstante a lo anterior la propiedad pretende que el Concello de Vigo, fije al amparo de la legislación pendiente las condiciones y herramientas urbanísticas precisas que permitan el desarrollo completo del parque”, é dicir, que o está aquí enriba da mesa é que calquera xente, vía libre presente reclamacións patrimoniais ao Concello de Vigo, que xa vostedes a través da ordenación provisional van metendo. Claro que non se pode volver ao 93, porque ten tres sentencias que tumban este ámbito, unha delas relacionadas coa clasificación do solo, claro que hai que modificar os condicionantes do que estaba no 2008, entre outras cousas porque está anulado ese ámbito e ademais temos un factor, que isto segue sendo solo urbano non consolidado, que se poderá consolidar se se desenvolven todas estas actuación que figuran no Planeamento Secundario que hai que facer, nós por suposto que imos votar en contra disto, porque non hai unha planificación urbanística de onde se colocan centros comerciais, se todas as propostas de centros comerciais que temos escoitado no tramo entre Mos e Vigo,

se levaran adiante é o fin do comercio local nesta cidade, porque imos ter un centro comercial na cidade deportiva, futurible do Celta en Mos, porque entendemos que ese era o proxecto de Porto Cabral, os promotores din que non, teríamos outro en Porto Cabral se fora iso así, porque seguemos tendo parques comerciais en Puxeiros, teríamos en Recaré, teríamos a área comercial onde se ubica Alcampo, e logo estaría Pizarro, non podemos converter Vigo nunha especie de parque de atraccións dos centros comerciais porque iso é incompatible co desenvolvemento do comercio local, sábeno tódolos grandes municipios deste país, algúns deles que poñen medidas de contención, Concello de Xixón onde non hai centros comerciais precisamente para iso. Polo tanto, isto non é unha vontade de desenvolver un ámbito, é porque vostedes saben que a reclamación patrimonial que pode exercer esta empresa nun ámbito tan importante é grande, e polo tanto recoñezan, non falemos de planificación, recoñezan que o que querían unha vez xa presentada a ordenación provisional aos ámbitos do solo urbano consolidado, agora incorporan un máis para salvalo porque realmente non se lle ocorre outra cousa para evitar esa reclamación.

Isto non é urbanismo para nós, isto non é planificación económica, isto é medo.

SR. FIDALGO IGLESIAS: No Pleno pasado, en decembro, lle lembraba cando falábamos de urbanismo que esperábamos outra cousa e lle lembraba que se cumprían 10 anos daquel Pleno da vergoña, daquela burla, do Pleno da aprobación do Plan Xeral do 2008, que xa vimos como evolucionou, e pasaron 35 días dende aquel Pleno e seguimos esperando outra cousa, e a que estamos a esperar? Seguimos esperando polo dous documentos urbanísticos fundamentais para o desenvolvemento da cidade que traían a Pleno a aprobación inicial da ordenación provisional, un, que traían a Pleno a aprobación inicial da ordenación provisional e que se publique nos boletíns oficiais, pero para publicalo hai que mandalo, o inicio da contratación do concurso para a redacción do novo PXOM, pero lamentablemente pasaron 35 días e non temos nin unha cousa nin a outra, e que xa hai dous anos e dous meses dende que se caeu o Plan Xeral e seguimos esperando, é que van tardar como mínimo tres anos e medio en presentar un mísero borrador do novo Plan Xeral, tres anos e medio e de verdade que isto é desesperante para os cidadáns de Vigo porque están xogando vostedes co futuro

da cidade de Vigo, están a xogar coas expectativas dos vigueses, co emprego, coa actividade económica da cidade que é do que vivimos, dende logo Vigo e os vigueses non nos merecemos para nada o goberno municipal que temos porque Vigo está moi por enriba dos seus gobernantes e do seu Alcalde en particular, e por iso lle dicía en decembro, que a día de hoxe a historia vólvese a repetir, igual que hai once anos vostede co Sr. Caballero montaron unha estratexia baseada en criterios única e exclusivamente electoralistas para que o Plan de Vigo non estivera aprobado antes das municipais do 2007, hoxe tamén por criterios única e exclusivamente electoralistas están atrasando a aprobación inicial da ordenación provisional para que non teñamos un borrador antes de xuño de 2019, que son as seguintes eleccións municipais, como sempre o Partido Socialista de Vigo antepoñendo os seus intereses electorais aos intereses da cidade de Vigo, é unha mágoa Sra. Caride e Sr. Alcalde, é unha mágoa pero é unha absoluta verdade, e vostedes falaban que estaban intentando solventar os problemas derivados da anulación provisional e que están a utilizar tódalas vías legais dispoñibles, claro, tódalas vías legais que dispón, que fixo a Xunta de Galicia porque foi ao rescate do urbanismo de Vigo, porque os vigueses están moi por enriba dos seus gobernantes, da súa concelleira de Urbanismo e do seu Alcalde, aí está a Lei Vigo, a Lei de acompañamento, etc. pero é esperpéntico escoitala falar disto.

Da ordenación, deste estudo específico para analizar a situación derivada da anulación do PXOM e do centro Recaré, nos imos votar a favor, fixémoslo na Xerencia de Urbanismo, pero tampouco lancen as campás ao voo porque o propio expediente, a autoridade ambiental di que “tras as análises das medidas da ordenación provisional que finalmente se acheguen, o órgano ambiental deberá determinar se algunha das medidas previstas poderá ter efectos significativos no medio ambiente e no seu caso debería someterse a unha avaliación ambiental ordinaria e polo tanto, tería que esperar ao novo Plan Xeral.

O dito, seguimos esperando a que resucite dalgunha maneira o urbanismo de Vigo, vostedes non se apuran nin para iso, o informe ambiental estratéxico para a ordenación provisional contestouno a Xunta de Galicia en outubro e vostedes levan tres meses, cando dixon que nun mes se incorporarían os detalles, os pequenos axustes que se deberían facer, levan tres meses para incorporalos no documento, por iso pasaron o Pleno de decembro, o Pleno de xaneiro, non trouxeron aquí a

aprobación inicial para ser aprobado, e como dí o artigo 93.3 e o 93.4 “primeiro traer a aprobación inicial da ordenación ao Pleno, logo, información pública e por último lugar que o Concello solicite os informes sectoriais”.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Permítame Sr. Fidalgo, que comece con vostede, o certo é que eu creo que ao mellor o que temos que facer é organizar unha clase, porque eu xa non entendo como non consigo transmitirlle a vostede a tramitación que teñen os instrumentos urbanísticos, mire, o documento para a aprobación inicial da ordenación provisional o Concello de Vigo xa o fixo, sabe vostede o que estamos pendentes e esperando? Que os organismos, fundamentalmente do Estado, tamén da Xunta de Galicia nun caso, pero fundamentalmente do Estado, nos remitan os informes que son preceptivos e vinculantes para poder proceder á aprobación inicial, é dicir, se Estradas do Estado, si Ferrocarril do Estado, se Navegación aérea e Aeroportos non informan, non podemos proceder á aprobación inicial porque estaríamos incumprindo a lei, polo tanto, estamos esperando a chegada deses informes a ver se vostede utiliza os seus mecanismos e influencias para que cheguen rápido, porque en canto cheguen aprobámolo. Polo tanto, simplemente estamos intentando esperar a cubrir esa necesidade legal que son a emisión dos informes que esperemos que sexan obviamente favorables.

Eu creo que vostede está equivocado, se me permite Sr. Pérez, porque isto non ten nada que ver coa reclamacións patrimoniais, que obviamente existen, neste ámbito como en moitos outros de Vigo, existe co cumprimento dos obxectivos e necesidades que habilitan que podemos someter este ámbito á ordenación provisional e obviamente tamén significa a defensa a actividade económica de Vigo, xa vexo que a vostede iso non lle preocupa, por iso estivo en contra da ampliación de Citroën, claro porque non lle preocupa, por iso estivo en contra da utilización dese mecanismo, a nós si nos preocupa a xeración de emprego en Vigo, e preferimos que se xere emprego en Vigo que en Mos, a vostede non sei se lle preocupa ou non, e ao Partido Popular tampouco, dende logo a nós si.

Polo tanto, como temos tan claro que existe demanda de actividade comercial en Vigo, non incompatible co comercio local, isto non é unha sucesión de centros comerciais, a Avenida de Madrid, ese eixo está chamado a ter unha vocación comercial, estaba previsto no Plan do 2008 e vai seguir estando previsto porque é

un eixe de entrada a Vigo absolutamente idóneo para desenvolver estas actividades, e por responsabilidade o goberno local entende que ese ámbito hai que desenvolvelo porque ademais melloramos. Mire, a conta está clara, se vostede se opón a incorporación deste ámbito o que está a dicir é que prefire 150.000 metros cadrados nun chan de 34.000 metros, a 100.000 metros cadrados nun chan de 74.000 metros e con 15.000 metros de zonas verdes, iso é o que está vostede defendendo, porque vostede defende de volver ao Plan do 93 fronte ao manter o Plan do 2008, é por certo, anulado está tamén o Plan de Usos do Porto de Vigo, tamén por unha tramitación ambiental.

VOTACIÓN: Con vinte e tres votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras , Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o “Estudo específico da situación derivada da anulación do Plan xeral de ordenación municipal de Vigo 2008 no ámbito A-7-02 Recaré e proposta da súa inclusión como ordenación provisional da Lei 2/2017”, de iniciativa particular, presentado pola representación da entidade “Inmobiliaria Recaré, SL”, documento asinado dixitalmente conxuntamente con data 21.12.2017, pola arquitecta dona M^a Luisa Iglesias Fernández, co núm. 2981 de colexiada do COAG e pola avogada dona M^a Carmen Vilas Soto, co núm. 1720 de colexiada do ICAVIGO, que anula e substitúe ao anteriormente presentado, como ordenación provisional das previstas no artigo 92 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de Medidas fiscais, administrativas e

de ordenación, do que se xunta unha copia en formato papel e dúas copias en soporte dixital, facendo constar expresamente que dito estudio se aproba con carácter independente ao expediente tramitado a instancia do Concello de Vigo baixo o núm. 16022/411.

Segundo: Incorporar ao presente expediente os informes urbanístico e ambiental subscritos pola Directora xeral de ordenación do Territorio e Urbanismo e pola Directora Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, en datas 29.11.2017 e 12.12.2017 respectivamente, facendo constar expresamente, o seu carácter favorable a ordenación proposta.

Terceiro: Notificar o presente acordo á Dirección xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia aos efectos oportunos.”

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

MOCIÓNS:

4(4).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO SOLICITANDO A RETIRADA DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA LEI 8/2008, DE SAÚDE DE GALICIA E EN APOIO ÁS MOBILIZACIÓNS CONVOCADAS POR SOS SANIDADE PÚBLICA PARA TAL FIN. EXPTE. 1687/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 15 de xaneiro de 2018, número 1687/1101, a concelleira do grupo municipal de Marea de Vigo, Sra. López Barreiro, formula a seguinte,

“MOCIÓN PARA SOLICITAR A RETIRADA DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA LEI 8/2008 DE SAÚDE DE GALICIA E EN APOIO ÁS MOBILIZACIÓNS CONVOCADAS POR SOS SANIDADE PÚBLICA PARA TAL FIN.

A Lei de Saúde de Galicia do ano 2008, estableceu as normas polas que se ten que rexer o Sistema Sanitario Público de Galicia. Esta Lei contempla unha Sanidade Pública, Universal, Gratuíta e de Calidade, tal e como manda o Estatuto de Autonomía de Galicia e a Constitución do Estado Español. Agora a Xunta pretende cambiar esta Lei mediante un proxecto que:

1.- Reduce a participación social na xestión e control do sistema

Cambia a composición dos órganos de participación e súas funcións dos mesmos. Esta modificación faría imposible o control previo e a aprobación do Plan Galego de Saúde, os contratos de servizos, os concertos co sector privado, subvencións, memorias anuais, orzamentos, prestacións sanitarias e carteiras de servizos.

Tamén modifica a composición e funcións do Consello de Saúde de Área e crea un novo Consello Asesor de Pacientes, deixando pendente a regulación da súa composición e funcionamento, responsabilidade que traslada ás Xerencias de Área sendo a propia Consellería de Sanidade quen elixirá ademais quen poderá participar no mesmo. O Proxecto e suprime o artigo 25 (apartado 5.d) que establecía que “ o Consello e Saúde debería coñecer os contratos de servizos sanitarios, concertos e subvencións na área sanitaria”.

2.- Reduce as Áreas Sanitarias e mantén as Estruturas de Xestión Integrada (EOXIS) Reduce as actuais Áreas Sanitarias de 11 a 7 coa intención de equiparar as mesmas ás *Estruturas Organizativas de Xestión Integrada* (EOXIS), creadas para suprimir as Xerencias de Atención Primaria (AP) que foron absorbidas polos hospitais. De este xeito a AP quedou sometida á hospitalaria perdendo orzamento e autonomía, polo que o sistema sanitario volve ao modelo curativo (reparación do dano) en detrimento da promoción e prevención, moito máis racional e eficiente para a saúde da poboación.

3.- Desmantela e recorta os recursos dos hospitais comarcais, que achegan a atención hospitalaria á poboación rural afastada dos grandes hospitais.

Preténdese eliminar as Áreas Sanitarias de Monforte, A Mariña, Barco de Valdeorras e o Salnés, polo que os hospitais das mesmas pasarían a depender dos hospitais das Estruturas de Xestión Integrada (EOXIS) de Santiago de Compostela, A Coruña, Ferrol, Lugo, Pontevedra, Ourense e Vigo. As áreas dos hospitais comarcais se transforman en Distritos Sanitarios que son estruturas territoriais de menor rango, capacidade de xestión, orzamento e recursos.

4.- Mantén e consolida a selección das/os traballadoras/es sanitarios por libre designación, en lugar de por coñecemento, mérito e capacidade demostrada en probas, exames e concursos.

Esta decisión perpetúa a arbitrariedade e o “enchufismo” na contratación do persoal sanitario, en detrimento da calidade da atención, da equidade e da xustiza.

5.- Consolida a privatización de formación, investigación e innovación do sistema sanitario público galego. Mantén e amplía a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, parasitada por laboratorios e empresas tecnolóxicas e fondos de investimento internacional. Deste xeito o SERGAS financiará e poñerá os seus centros, profesionais, equipamento e pacientes ao servizo da experimentación de laboratorios, multinacionais e fondos de investimento, que farán grandes negocios cos resultados da mesma: O SERGAS pagará a investigación e as multinacionais comercializaran os resultados. Preténdese por o Sistema Sanitario Público ao servizo do desenvolvemento empresarial, en lugar de garantir a saúde da poboación.

Debemos ser conscientes de que está en xogo a Sanidade Pública que ata agora protexeu o ben máis importante que temos como é a saúde. O sistema Sanitario Público e algo que conseguimos entre tod@s coa democracia. Si deixamos que o privaticen, as xeracións futuras non nolo perdoarán.

Polo exposto, o Grupo Municipal da Marea de Vigo presenta ao Pleno para a súa aprobación se procede as seguintes propostas de

ACORDOS:

- 1.- Instar á Xunta á retirada do Proxecto de modificación da Lei Galega de Saúde
- 2.- Instar á Xunta a apertura dun proceso de debate e negociación participativa para:
 - Manter e reforzar os hospitais comarcais para garantir a asistencia sanitaria a toda a poboación en condicións de igualdade.
 - Recuperar as Xerencias de Atención Primaria, que recupere a súa autonomía e capacidade resolutiva, para promover e previr a saúde da poboación.
 - Desenvolver e potenciar a formación, investigación e innovación con recursos públicos.
 - Potenciar a Participación Social, sen exclusións, en todas as estruturas do sistema sanitario.
 - Garantir a equidade de acceso ao sistema dos mellores profesionais e traballadores en base a criterios de igualdade, mérito e capacidade.
- 3.- Apoiar explicitamente a mobilización convocada pola Plataforma SOS Sanidade Pública para o vindeiro 4 de febreiro en Santiago de Compostela pola retirada do Proxecto de Modificación da Lei 8/2008 de saúde de Galicia.”

DEBATE:

PRESIDENCIA: Entendo que hai unha emenda do grupo Socialista que supoño que foi circulada aos grupos.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: A Marea de Vigo traemos hoxe aquí a moción proposta por SOS Sanidade Pública pois pensamos que é de xustiza que sexa aprobada polo máximo de concellos do país, pero tamén temos que dicir algunhas cousas máis, a Lei de saúde de Galicia do ano 2008, establece as normas polas cales se ten que rexer o sistema sanitario público de Galicia, esta lei contempla unha sanidade pública universal e de calidade, tal e como manda o Estatuto de Autonomía de Galicia e a Constitución do estado español, é certo que se pode mellorar, pois claro que si, pero non dende logo coa proposta que pretende introducir o Partido Popular que supón a consolidación do modelo de recortes e privatización xa posto en marcha e desenvolvido coa desculpa da crise económica, pero planificado moito antes. Esta reforma de lei debe obrigarnos a debater toda a política de saúde do goberno e non só centrarnos nos aspectos organizativos ou asistenciais que con ser importantes non deixan de ser un aspecto parcial do conxunto.

Os determinantes da saúde de tipo socio-económico, educativo, cultural, etc. reciben moi escasa atención por parte dos gobernos, e sen embargo serían os obxectivos prioritarios dunha política de saúde que a pretenderan mellorar en termos individuais e colectivos. Unha política de saúde que puxera en primeiro plano as necesidades da poboación e tendo en conta os coñecementos científicos modernos debería poñer en marcha profundas reformas legislativas e orzamentarias transversais no ámbito da educación infantil, no ámbito da publicidade que tanto inflúen nos ámbitos de consumo, no da produción, mercado e industria da alimentación, no da contaminación do aire e da auga, no das condicións de saúde e seguridade laboral, nos das desigualdades sociais, no das políticas de integración e protección social, e como non as políticas neste eido deberían construírse atendendo a dous modelos distintos, masculino e feminino. Partindo da base de que hai un só modelo, que é o que se practica, parece evidente que se desatende ou non se atende convenientemente a saúde das mulleres, nas

mulleres moitas enfermidades póñense de manifesto a través dun cadro clínico diferente, véxase por exemplo o infarto agudo de miocardio, aínda que hai bastantes máis, isto promove que exploradas dende o cliché masculino se deixen sen diagnosticar, se diagnostiquen demasiado tarde e en suma non se tomen as medidas terapéuticas axeitadas. Outro aspecto relevante é que as mulleres son tratadas con psicofármacos, fundamentalmente ansiolíticos e antidepressivos, como mais frecuencia do que indican os estudos sobre prevalencia de problemas de ansiedade e depresión, por exemplo, en Galicia a prevalencia de depresión é de aproximadamente o dobre nas mulleres que nos homes, nelas constitúen o 80% das persoas que consumen antidepressivos e ansiolíticos, non se valora a situación de violencia machista que por si soa explica moitos cadros clínicos que evidentemente non se poñen en relación coa causa que os provoca, e en consecuencia non poden ser resoltos de xeito afectivo.

Pois a gran maioría deste determinantes da saúde individual e colectiva son susceptibles de corrección e de orientación cara conseguir unha mellora calidade de vida, benestar e saúde, quede claro que a intención do Partido Popular coa modificación da Lei de saúde e consolidar o xa feito, recorte nas prestacións públicas, privatizacións, centralización de dispositivos asistenciais coa posta en marcha das AEOXIS, aniquilación da atención primaria, primar o uso intensivo da tecnoloxía sobre as actividades da promoción da saúde e a prevención da enfermidade, poñer en mans da industria privada o coñecemento e investigación, etc.

Que a modificación da lei se centre en aspectos asistenciais e se esqueza dos determinantes da saúde e coherente co modelo privatizador, que o que pretende é derivar os cartos públicos á dispositivos asistenciais privados, pois o negocio está na asistencia á enfermidade, e hai máis negocio canta máis tecnoloxía se use, polo que o importante está na atención hospitalaria, por iso desaparece a atención primaria.

Está claro que o negocio está na enfermidade non está na saúde. E logo tamén está a participación social que é unha das eivas importantes da sanidade pública, precisa ser corrixida pero esta reforma vai na liña contraria do que se ten defendido dende as plataformas que como SOS Sanidade Pública teñen solicitado

reiteradamente a convocatoria destes órganos de participación social, sen obter resposta da administración.

Os consellos de saúde municipal son outra vía de participación da veciñanza nos temas que afectan á saúde pública, a lexislación sobre réxime local facilita a creación de Consellos de Saúde a nivel municipal, que por certo, ben sabemos que o grupo de goberno desta cidade non está pola labor de crealo, por iso a Lei Galega debería incentivar o desenvolvemento desta vía de participación social, que podería facilitar avances na cultura e na educación para a saúde.

SR. PIÑEIRO LÓPEZ: Sra. López, eu veño aquí a debater un pouco o que é a moción, foise vostede un pouco polas ramas, pero xa estamos acostumbrados.

Falando un pouco da modificación da Lei de sanidade pública galega, hai que dicir que a calidade asistencial da sanidade pública ten medrado na última década e para continuar avanzando compre actualizala, actualizar a súa estrutura organizativa, logo de dez anos faise necesario modificar e actualizar a Lei para garantir e ampliar o sistema de sanidade pública, cunha óptima utilización de recursos, nunha atención máis eficientes aos pacientes para unha óptima utilización efectivamente dos recursos. Coa nova lei, as áreas sanitarias serán sete, coincidindo co número de EOXIS, estruturas organizativas de xestión integrada, deste xeito se consolida o modelo de EOXI para facilitar o achegamento dos profesionais aos pacientes. Este modelo evitou entre 2011 e o primeiro semestre de 2017, máis de 263.000 desprazamentos de pacientes que foron atendidos en hospitais comarcais, este modelo permitiu que se investise nese período 19,6 millóns de euros para ampliar, e modernizar os hospitais comarcais. Como di na súa moción fala do distrito sanitario, o distrito sanitario é o novo marco de referencia para a coordinación da atención primaria, hospitalaria e socio-sanitaria, ligada sempre a asistencia do hospital do seu eido xeográfico. Estes distritos sanitarios que serán 14, son a nova figura legal, que lonxe de diminuír o protagonismo dos hospitais permitirá blindar por primeira vez por lei a existencia dos hospitais comarcais. Deste xeito, estes hospitais contarán por primeira vez cun peso específico dentro da organización sanitaria que ata agora non tiñan, e coa nova lei hai que dicir que non se altera asignación de médico ou o hospital correspondente a cada paciente e a adaptación da organización territorial e

administrativa redundará nun beneficio para o paciente, xa que permitirá ampliar o oferta de recursos asistenciais nos hospitais comarcais.

Trátase dunha modificación que cumpre con tódalas garantías de transparencia e participación, os sindicatos foron informados o mesmo día que se publicou e ampliouse incluso o prazo para presentar suxestións, houbo reunións con colexios profesionais, alcaldes e voceiros municipais, sempre o debate é enriquecedor e toda a achega que contribúe a mellora da sanidade pública foi e é benvida.

En canto aos órganos de participación e recursos humanos dos que fala aquí na súa moción, hai que dicir que a anterior redacción da lei fixo o imposible que esta fora participativa e en case dez anos non se reuniron nin unha soa vez os consellos de saúde, agora haberá ao menos un a nivel autonómico e un por cada área, e coa nova norma simplifícase a composición dos órganos, órganos de participación onde estarán representados os concellos da área, sindicatos e diversas organizacións, os pacientes terán por primeira vez voz a través do seu propio consello asesor, colocando ó paciente como eixo primordial en torno ao que deber virar calquera proxecto sanitario.

Non se altera en ningún caso o actual sistema de contratación temporal, xa que os profesionais poderán anotarse nas listas das sete áreas e expresar a súa preferencia por un distrito concreto, sistema que xa funciona na Barbanza, Cee e Verín, e lémbrolle que a contratación dáse por lista e non por enchufismo. A provisión de prazas non sofre cambios, esta será por méritos e listaxe e a libre designación sempre será de aplicación absolutamente excepcional.

En definitiva, a lei está para seguir mellorando o que xa ten conseguido estes últimos dez anos, facilitando o acceso dos pacientes á sanidade pública, lonxe do escenario apocalíptico ao que xa nos ten acostumados, señora concelleira nas súas exposicións, a lei ven a mellorar a sanidade pública galega para que sega sendo pública e de calidade, polo tanto non podemos estar de acordo coa súa moción e votaremos en contra.

SR. LÓPEZ FONT: É evidente que é un proxecto de modificación dunha lei como a de saúde para Galicia é un momento importante, e é bastante negativo o que fose un proceso iniciado no mes de agosto, con escurantismo, sen toda esa participación que acaba de dicir o concelleiro do Partido Popular, porque fixo mención a voceiros

de grupos municipais e que saiba aquí non chegou absolutamente nada. A alarma entre o sector sanitario foi importante e é evidente a grandes rasgos que limita a participación social, non hai diálogo, reduce as áreas sanitarias, é unha evidencia e tamén consolida a exclusión de atención primaria, pero sobre todo o que consolida é o modelo privatizador da sanidade que ten o Partido Popular para Galicia, evidentemente na cidade de Vigo é un modelo que coñecemos, é un modelo que sufrimos e é un modelo que evidentemente nos vai a lastrar a calidade da sanidade que temos os vigueses ao longo destes anos. As modificacións legislativas que vostedes pretenden van nese senso, e nós evidentemente estamos a favor como partido e o dixemos de que se retire este proxecto, pero este debate estaría absolutamente coxo se non falásemos, e é do que queremos facer, da situación da sanidade na nosa cidade, porque esta cidade, Vigo, é o mellor exemplo da nefasta política sanitaria do Partido Popular, fomos coellos de indias para un hospital privado que se pretendía estender a toda Galicia, evidentemente como non foron capaces, lamentablemente esta cidade quedouse co único hospital privado de toda Galicia; pero si ben é certo que a sanidade e a política do Partido Popular no relativo á sanidade é cuestión de infraestrutura, non é menos certo que tamén temos un problema de xestión e moi serio, eu lembro á anterior conselleira de sanidade ante a mirada compracente do Presidente da Xunta de Galicia o Sr. Feijóo, que non se cansaba de repetir que co novo hospital de Vigo quedaría o problema de urxencias solucionado, das listas de espera tamén solucionado e un tempo despois de inaugurarse ese hospital a realidade deixou en evidencia aos dous, porque entre outras e estamos en datas recentes, a xestión de urxencias no novo hospital durante a epidemia de gripe actual foi o mellor exemplo, despois de advertirse polos epidemiólogos e autoridades sanitarias, non se tomaron as medidas oportunas no momento no que había que tomarlas, só despois cando veu o gran problema de concentración de pacientes, o único que se foron comezando a poñer foron parches. En suma, a xestión da sanidade en Galicia como dicía non é só un problema de recursos, que tamén o é, pero é un problema de incapacidade na xestión, é un problema de falla de compromiso político e de crer na sanidade pública, porque o Partido Popular non cre na sanidade pública, cre nun modelo privatizador e como digo o exemplo é a cidade de Vigo.

Polo tanto, esta lei é un exemplo pero tamén a xestión o é, e todo isto sería evidentemente moito peor se non fose pola dedicación e polo compromiso dos profesionais da sanidade, fixémoslo en moitas ocasións pero hoxe tamén o queremos reiterar aquí, facer un recoñecemento á labor que fan nunha xestión tan nefasta como a que fai dende o goberno galego, polo tanto, nós apoiando o contido desta moción si queremos presentar a moción que presentamos de engádeda porque é necesario que cando falamos de sanidade aínda que sexa a nivel xeral, como neste caso, haxa que tocar por resolución deste Pleno o que afecta a Vigo e seguimos reivindicando o rescate da concesión, seguimos reivindicando a dotación dun laboratorio e a gratuidade dun aparcadoiro, pero tamén hoxe reivindicamos restituír á área sanitaria de Vigo á poboación de referencia de varias especialidades que aquí se detallan, que nos foi arrebatada para beneficiar a Santiago de Compostela e A Coruña e que o goberno galego prometera que revertería e eu espero que o grupo propoñente acepte esta proposta.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Aceptamos a proposta do Partido Socialista porque pensamos que si é de xustiza que isto tamén se inclúa, gustaríanos tamén que aquí se engadise a formación dun Consello Municipal de Saúde, pero como tememos que o Partido Socialista nos vai votar en contra se o engadimos, non o imos engadir porque queremos que esta moción se aprobe, xa o propoñeremos noutra ocasión. Na resposta ao Partido Popular sobre os órganos de participación que había ata o de agora para a sanidade pública non se convocaban non sei por que? Será porque non os convocaba o Partido Popular, semella que co recorte das súas funcións que impiden que poidan facer unha verdadeira actividade de control, si que serán convocados confirmando o carácter propagandístico e ritual que se quere atribuír a estes novos órganos de participación, ousexa cando teñen unha función relevante entón non pero se son para pasar si os convocarán.

Con respecto ao que insinuou o concelleiro de que nos imos polas ramas, non é así, o que está escrito na moción está escrito na moción, eu quería engadir algunhas cousas máis que son moi importantes para a saúde das mulleres e que terían que estar escritas dentro dese proxecto de reforma, que son as repercusión de violencia de xénero na saúde das mulleres, alén das lesión producidas pola violencia física, a Organización Mundial da Saúde nunha publicación científica e técnica di que esas

consecuencias teñen síndromes de dor crónica, fibromialxia, trastornos do aparato dixestivo, síndrome de colón irritable, suicidio, disfunción sexuais, abortos practicado en condicións perigosas, abuso de alcohol e outras drogas, depresión e ansiedade, trastornos dos hábitos alimentarios do sono, sentimentos de vergoña e culpabilidade, fobias e trastorno por pánico, inactividade física, pouca autoestima, trastorno por estres postraumático, comportamento suicida e dano autoprovocado, comportamento sexual de risco, todo isto vexo eu tódolos días no hospital Álvaro Cunqueiro que non se trata convenientemente, porque son problemas que fai falla persoal para atendelos con calma, non dándolle tres minutos a cada paciente, claro para iso fan falla recursos, fan falla orzamentos e implementar persoal que non o hai, porque onte sen máis unha muller que estaba esperando en urxencias polo psiquiatra tardou tres horas en ser vista polo psiquiatra.

No transcurso do debate, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, presenta a seguinte emenda de engádeda:

“Instar á Xunta de Galicia:

-Ao rescate da concesión do Hospital Alvaro Cunqueiro.

-Á dotación de Laboratorio a devandito Hospital.

-Á gratuidade do aparcadoiro para usuarios e traballadores.

-A restituír na Área Sanitaria de Vigo a poboación de referencia de varias especialidades médicas: Cirurxía Cardíaca, Radioterapia, Hemodinámica, Cirurxía Plástica que foi arrebatada en beneficio de Santiago e A Coruña, e que o Goberno galego prometeu reverter nun prazo que xa se cumpriu.”

Ao seren aceptada a anterior emenda de engádeda polo relator da moción, Sra. López Barreiro, a Presidencia somete a votación a anterior emenda.

VOTACIÓN DA EMENDA: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e mais dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e a Presidencia, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa

Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, acórdase aceptar a emenda de engádeda.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e mais dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e a Presidencia, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 15.01.2018 (Rex. Nº 1687/1101), pola concelleira do grupo municipal de Marea de Vigo, Sra. López Barreiro, coa emenda de engádeda presentada polo voceiro do grupo municipal Socialista, quedando do seguinte xeito:

- 1.- Instar á Xunta á retirada do Proxecto de modificación da Lei Galega de Saúde
- 2.- Instar á Xunta a apertura dun proceso de debate e negociación participativa para:
 - Manter e reforzar os hospitais comarcais para garantir a asistencia sanitaria a toda a poboación en condicións de igualdade.
 - Recuperar as Xerencias de Atención Primaria, que recupere a súa autonomía e capacidade resolutiva, para promover e previr a saúde da poboación.
 - Desenvolver e potenciar a formación, investigación e innovación con recursos públicos.
 - Potenciar a Participación Social, sen exclusións, en todas as estruturas do sistema sanitario.

- Garantir a equidade de acceso ao sistema dos mellores profesionais e traballadores en base a criterios de igualdade, mérito e capacidade.

3.- Instar á Xunta de Galicia:

-Ao rescate da concesión do Hospital Alvaro Cunqueiro.

-Á dotación de Laboratorio a devandito Hospital.

-Á gratuidade do aparcadoiro para usuarios e traballadores.

-A restituír na Área Sanitaria de Vigo a poboación de referencia de varias especialidades médicas: Cirurxía Cardíaca, Radioterapia, Hemodinámica, Cirurxía Plástica que foi arrebatada en beneficio de Santiago e A Coruña, e que o Goberno galego prometeu reverter nun prazo que xa se cumpriu.”

4.- Apoiar explicitamente a mobilización convocada pola Plataforma SOS Sanidade Pública para o vindeiro 4 de febreiro en Santiago de Compostela pola retirada do proxecto de Modificación da Lei 8/2008 de saúde de Galicia.”

5(5).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO DE ESPAÑA A EXPOR NOS PRÓXIMOS EXERCICIOS ORZAMENTARIOS A PROGRESIVA EQUIPARACIÓN SALARIAL DOS POLICÍAS E GARDAS CIVÍS CON OUTROS CORPOS POLICIAIS, DE TAL XEITO QUE NO 2020 SE ACADE A EQUIPARACIÓN TOTAL. EXPTE. 1693/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de xaneiro de 2018, número 1693/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Os Corpos e Forzas de Seguridade do Estado veñen garantindo, coa súa alta entrega e de forma eficaz, os dereitos e liberdades dos cidadáns, permitindo que a seguridade en España sexa un valor engadido para o noso benestar e a nosa economía. Debemos por iso reafirmar unha vez máis, o noso recoñecemento e apoio ao labor que desenvolven.

A profesionalidade e o perigo inherente ao desempeño da actividade policial esixen e xustifican que tanto os policías nacionais como os gardas civís gocen dunhas retribucións dignas e acordes coa dificultade e o risco das súas funcións.

Esta profesionalidade reséntese cando policías e gardas civís advirten que non existe xustiza retributiva ao exporse graves discriminacións salariais con outros profesionais do noso sistema de seguridade pública.

Para loitar contra iso, o goberno socialista iniciou xa no ano 2005 coas organizacións sindicais da policía un programa de equiparación salarial a tres anos, que se estendeu aos gardas civís e que se viu interrompido pola grave crise económica que afectou á economía do país e á que solidariamente contribuíron todos os servidores públicos con recortes no seu salario.

Con todo, considerando que a situación económica de España mellorou notablemente, cremos necesario que se aborde novamente a equiparación salarial de gardas civís e policías, atendendo ademais a unha demanda unánime de ambos os corpos, e que é perfectamente asumible nas contas públicas que debe presentar o Goberno nos próximos orzamentos.

Por todo iso, propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

-Instar ao Goberno de España expor nos próximos exercicios orzamentarios a progresiva equiparación salarial dos policías e gardas civís con outros corpos policiais de tal forma que no 2020 se alcance a equiparación total, dando así resposta á unánime demanda que todas as organizacións sindicais da policía e asociacións da garda civil, están a expor en unidade de acción.”

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Traemos hoxe unha moción sobre unha reivindicación que consideramos xusta, é unha reivindicación xusta xa no tempo e xa hai moito tempo que quizais cobrase máis actualidade por acontecementos recentes e é certo pero que é xusta e que consideramos que estaba merecida.

As Forzas e Corpos de Seguridade do Estado veñen a garantir coa súa alta entrega dunha forma eficaz os dereitos e as liberdades dos cidadáns, tamén o noso benestar e todo elo tamén no relativo á economía, polo tanto, vaia o noso recoñecemento e apoio á labor que desenvolven, pero é certo que a profesionalidade e o perigo no desempeño da súa actividade esixen que tanto policías nacionais como gardas civís gocen dunhas retribucións dignas e acorde coa

dificultade e o risco das súas funcións, non existe neste momento unha xustiza retributiva e evidentemente hai unhas graves discriminacións. Como dicía prestan un servizo fundamental, tanto Garda Civil, como Policía son das institucións máis recoñecidas polos cidadáns, achegan ese valor de seguridade que os cidadáns necesitan e que estiman, e nós aquí con esta moción pedimos o apoio para esa reivindicación, a negociación é certo que corresponde aos actores pero cremos que chegou o momento e cremos que non se pode aprazar máis, en política hai momentos, normalmente, pero nesta ocasión nas que hai prioridades, e esta é unha delas, e cremos que non valen neste momento escusas, débese establecer por parte do Goberno da Nación un ámbito temporal para o cumprimento do que os sindicatos de forma conxunta en unidade de acción están a pedir, e dicimos 2020 como din eles e como nós subscribimos porque certamente cremos que é un ámbito temporal de tres presupostos nos que isto se pode abordar. Pasaron os peores momentos da crise e é certo que é o momento de atender esta demanda, pero cremos que é o momento de atender a demanda e a reivindicación sen letra pequena, sen ningún tipo de condicionante que provoque desconfianzas, un acordo que para as partes, sobre todo para a que compón os membros da Garda Civil e de Policía Nacional, un acordo que xere a absoluta garantía que é a que eles merecen e que consideramos que ese ámbito temporal pedido é moi razoable, porque esa actuación conxunta das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, nesa actuación Vigo é un exemplo do que achega o traballo en conxunto na seguridade cidadá, cando falamos destes temas e Xunta Local de Seguridade ou na relación cos distintos mandos de Policía Nacional e Garda Civil, o Alcalde fala en plural, fala dun traballo conxunto, coordinado, non se trata se de uns temos 450 Policías Locais, a Policía outro número e a Garda Civil outro número de compoñentes, non, non son individualmente consideramos senón que estimamos e defendemos que é a suma; cada un coas súas funcións pero certamente representando á tódolos cidadáns, e como digo nese senso, Vigo é un bo exemplo de colaboración, de coordinación e non se entende que aqueles que traballan conxuntamente máis alá do que a cada un lles corresponde, cobren diferente, non se entende que as condicións salariais non sexan as mesmas, nós entendemos que temos xa dende hai anos unha enorme débeda con Garda Civil, con Policía Nacional, con aqueles que fan as súas funcións nestes dous corpos e entendemos que é o momento de satisfacela, entendemos

que é o momento de non poñer escusas e de chegar a un acordo como dicía que certamente o garanta porque ademais e nese senso dentro do orgullo que procesamos tanto aos Policíaas como aos Gardas Civís, entendemos que esta reivindicación que aquí traemos xa está gañada, é unha reivindicación que a cidadanía, os españois viron con bos ollos, cren que hai unha discriminación e como digo é o momento de satisfacela.

SR. PÉREZ CORREA: Nós estamos completamente de acordo, non estamos a falar dunha cuestión contemporánea, estamos a falar de máis de 26 anos reivindicacións históricas dos sindicatos, nomeadamente dos sindicatos que nós queremos poñer en valor, os sindicatos semiclandestinos da Garda Civil porque neste país aínda non se lle permite a sindicalización efectiva aos membros da Garda Civil que tamén sería un debate a abrir a desmilitarización da Garda Civil, precisamente nas cuestións penais, nas cuestións que teñen que ver co código penal militar que por desgracia se lle aplica aos membros do Corpo, e tamén ao que ten que ver coas cuestións de participación sindical que neste país creo que a gran eiva da transición e que os Gardas Civís aínda non poidan estar sindicalizados con tódalas garantías democráticas como o resto dos corpos. A min tamén me gustaría que se puxera claro, é dicir, a equiparación salarial con outros corpos, nomeadamente, coa Ertzaintza e os Mozos de Escuadra porque nós pensamos que en Galicia deberíamos avanzar precisamente a un corpo análogo que permitiría asumindo competencias autonómicas, que non haxa case 700 euros de diferenza entre un Ertzaintza e un Garda Civil e un Policía Nacional e polo tanto, tamén teríamos que abrir ese debate de ter unha policía autonómica de verdade, non o que temos agora, que é un corpo da Policía Nacional adscrito a carácter autónomo, que practicamente o único que fai é a vixilancia dos edificios institucionais, ese é outro debate que queremos introducir. Pero nós dicimos que hai 26 anos de esquecemento absoluto destas reivindicacións, por suposto que non estamos de acordo con que houbera avances durante os anos do goberno socialista, o que houbo moitas promesas aos corpos, incluso moitos plans e mesas sectoriais, que ao final nunca se concretaron, é certo que o avance polo menos daquel consenso que se deu co Ministro o Sr. José Antonio Alonso, rompeuse tamén pola realidade da perda de poder adquisitivo de tódolos corpos de funcionarios do Estado, incluídos

os corpos de seguridade, que para nós nesa altura no 2008 foi un gran erro propoñer que aplicara tamén á Policía Nacional e a Garda Civil e sobre todo por poñer un dato dende o ano 2008 a suma do IPC ronda o 12% e os corpos de Policía e da Garda Civil apenas tiveron ou van ter no ano 2016 unha subida do 1%, no ano 2017 outro 1%, é dicir, aínda queda outro 10% de perda do diferencial salarial. Polo tanto, nós estamos de acordo, así o presentamos e foi precisamente no Congreso dos Deputados un Garda Civil, o Sr. José Antonio Delgado, deputado de Unimos Podemos, un Garda Civil en excedencia o que defendeu tamén esta lei e como digo nós tamén seguimos pensando que se podería avanzar nas cuestións xurídicas que teñen que ver coa desmilitarización da Garda Civil que tamén podería permitirilles unha negociación sindical diferente, é dicir, o seus sindicatos negociando as cuestións salariais directamente como fan o resto dos traballadores/as deste país, nós estamos completamente seguros de que máis de 70.000 Gardas Cívís a través dun sindicato, con tódalas atribucións do dereito sindical, e do dereito de folga, dos dereitos que teñen o resto dos traballadores, permitiría que non haxa 26 anos de promesas e 26 anos, dende logo, de incumprimento sistemático, ademais entramos en fases incluso para nós moi perigosas cando o conflito catalán se quere utilizar como un conflito entre os Mossos de Escuadra e os outros corpos, creo que este goberno do Partido Popular debería pedirlle perdón á utilización absolutamente indecente que fixo do traballo da Garda Civil e da Policía Nacional, das cuestións que eles mesmos denunciaron de como se quixo utilizar como organismos case paramilitares cando estamos a falar de seguridade pública, de xente que fai a súa función civil e a súa función pública, pero iso non está dentro da moción.

Nós estamos de acordo, é máis, queremos que iso se normalice a través dunha lei, queremos que o Parlamento, non unha Comisión de Traballo senón que xa se legalice a equiparación salarial e os dereitos e a equiparación salarial en positivo, é dicir, non se trata de igualar por abaixo senón nós pensamos que tería que facerse cos dereitos económicos salariais e tamén de traballo que teñen os corpos autonómicos de referencia, neste caso os dous corpos das comunidades históricas porque pensamos que aí debería ser onde nós miráramos para equiparar o conxunto do Estado, tódalas cousas que se poñen, tódolos compromisos que tanto o Goberno do Partido Socialista e o Partido Popular fixeron cos dous corpos como son historicamente incumprimos pois para nós esta moción posiblemente non

sexa a primeira vez que se aprobe nun Pleno, creo que en moitos plenos se van aprobando ao longo destes 26 anos, estas mocións, pero que poñamos a vontade en que ter uns corpos de seguridade cos mesmos dereitos que o resto dos traballadores deste país.

SR.GAGO BUGARÍN: En fin, Sr. Font, eu non saio do meu asombro de escoitalo aquí como a 31 de xaneiro ven a dicir que isto é unha reivindicación case novidosa cando está practicamente gañada e é gracias ao Partido Popular, en calquera caso eu quero deixar claro e patente que nós, este grupo municipal e o Partido Popular ten claro unha premisa que é a igual traballo, mesma adicación e idéntica responsabilidade lle corresponde como non pode ser doutra forma o mesmo salario e dereitos laborais, e baixo esa premisa traballa o goberno do Sr. Rajoy e baixo esa premisa nós, o grupo municipal do Partido Popular e o Partido Popular no goberno ten claro que hai que outorgarlles todo e o máximo apoio ás Forzas e Corpos da Seguridade do Estado, á Policía Nacional e a Garda Civil, porque son os que fan e os garanten a nosa seguridade, o normal funcionamento do Estado, e tamén a liberdade e os dereitos individuais dos cidadáns e por iso nós defendemos sempre como partido, dende o minuto un, o exercicio e a labor que estes grandes profesionais fan no nosa país, incluso en momentos de dificultade, como os recentes vividos en Cataluña cando algúns partidos políticos con representación nas cortes se lavaban as mans e nós asistíamos a Cataluña e a Pineda como fixen eu persoalmente a darlles as gracias polas labores que estamos a facer nese momento, esa é a diferenza que hai entre a labor e a responsabilidade que ten o Partido Popualr e a que teñen vostedes.

Mire, Sr. Font, despois de escoitalo o primeiro que teño que dicirlles é que eu sento que a moción que vostede presenta sexa un copia e pega idéntico e aquí o teño, da reunión do Consello Federal do seu partido fixo en novembro, concretamente o vídeo feito en novembro, e é unha mágoa que vostedes tiveron a oportunidade de traer esta moción á aprobación en decembro, que ademais como ven sendo habitual nunca cobren o número total de mocións que vostedes mesmos estableceron para o seu grupo municipal, e resulta que a traen en xaneiro cando xa está anunciado polo goberno do Partido Popular e cando xa está a mesa de negociación definitiva para a súa aprobación. Polo tanto, Sr. Font, nós non saímos

do noso asombro e é un exemplo do oportunismo que este grupo municipal do goberno local ven acostumado a demostrarnos tódolos días, e en tódolos plenos que aquí se realizan. Sorpréndeme tamén que na súa moción fai referencia a que o grupo socialista cando estaba no goberno co Sr. Zapatero no 2005, xa propuxo que se ía levar a cabo unha equiparación salarial, no ano 2005, en tres anos progresiva e que ía acabar no ano 2008, e despois resulta que pasou o tempo e dixeron que a crise económica pois non puideron levar a cabo esta equiparación salarial, eu o que me pregunto Sr. Font, todo o mundo o sabe, os aquí presentes, que o mellor ano económico do século XXI foi o ano 2007 e que non se comezou a visualizar noticias e demostración macroeconómicas de que estábamos en crise ata o ano 2008, polo tanto, vostede tiveron o ano 2006, 2007 e o ano 2008 para poder facer algo que vostedes veñen a buscar aquí o aplauso fácil. Esa é a auténtica realidade e ese é o relato e a construción do relato dos feitos que demostran o que realmente fan vostedes e o que facemos nós.

E xa para rematar, aínda que esta intervención poida dar a entender que vostedes non teñen nada que facer neste senso eu lle digo que si teñen moito que facer, entón lles invito e lles invitamos a que desbloqueen dunha vez os Presupostos Xerais do Estado, que permitan incluír esta partida, o primeiro tramo económico neste ano 2018 para que efectivamente podamos materializar o acordo que o goberno acaba de anunciar a través do ministro de interior, e por iso Sr. Alcalde, xa sabemos que vostede non te unha grande relación co seu secretario xeral pero fágao como presidente da FEMP, lle animamos e lle invitamos a que convenza ao seu secretario xeral para que por fin se poida desbloquear os Presupostos Xerais e hoxe ese aplauso que arrancamos e que nós vimos demostrando durante 30 anos, o poidamos materializar e podamos mirarlle á faciana aos policías e Forzas de Seguridade do Estado e dicirlles que foi o goberno do Partido Popular e que foi por unanimidade de tódolos partidos políticos os que puidemos facer no ano 2008 a equiparación e a igualdade de dereitos e salarios dos traballadores.

SR. LÓPEZ FONT: O asombrado Sr. Gago son eu, e non vou caer na trampa que vostede me quere tender de politizar en siglas e en gobernos un tema que é unha reivindicación xusta, vostede perdeu como os seus concelleiros unha oportunidade única de apoiar algo que é xusto e no que temos que estar de acordo, a moción

que presentamos non é un copia e pega de nada, é simplemente o traslado e a literariedade do que piden os sindicatos de Policía e Garda Civil, iso é o que pedimos Sr. Gago, polo tanto, cando vostede pretende facer política aquí con quen fixo máis ou con quen fixo menos, fraco favor está facendo.

Solución, que xa o quere misturar absolutamente con todo, coa Lei de Orzamentos e demais, vaise publicar un decreto de medidas urxentes, inclúan esta proposta aí e o Partido Socialista aprobara, e logo Sr. Gago cando vostede tratan de rendibilizar, porque son as súas palabras, politicamente os acordos eu quixen ser moi exquisito á hora de non converter isto nun rife rafe entre oposición e goberno, pero non fun eu quen dixo, nin este grupo, quen dixo que a proposta do goberno non é todo satisfactoria, que ten letra pequena e que debe clarexarse coa absoluta garantía, non fun eu, e agora si llo digo, foron os sindicatos quen dixeron que a proposta do seu ministro de interior non é de todo satisfactoria e nós aquí dicimos que hoxe, economicamente, se pode facer isto en tres anos, e en todo caso e dado que entra nese debate é ao que me tería que ter respondido porque dado que quere facer tantas preguntas, podería ter garantido vostede aquí se iso vai ser como piden os sindicatos porque eles teñen certa desconfianza, pero xa vexo que aquí ao que se ven é a presumir politicamente de solucións e demais, mire, nós non nos fiamos porque da mesma forma que dixen que tres corpos de seguridade que traballan conxuntos teñen que ter as mesmas retribucións, onte o Alcalde de Vigo na súa condición de presidente da FEMP, tiña unha reunión cos sindicatos de Policías Locais, o seu goberno, o do Sr. Rajoy, comprometerase en relación coa xubilación anticipada a ter un decreto que hoxe está paralizado, como iso non o queremos para unha reivindicación tan xusta que ven de atrás e que hoxe pódese abordar por iso dicimos que sen letra pequena, por iso dicimos que con absoluta garantía, pero xa vin e o lamento que vostede veu a facer un debate político en vez de apoiar unha xusta reivindicación.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 26.01.2018 (Rex. Nº 1693/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

6(6).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A ADOPTAR AS MEDIDAS QUE GARANTAN UN PREZO XUSTO DOS CARBURANTES, REDUCIÓN DO IMPOSTO SOBRE HIDROCARBUROS E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 1694/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de xaneiro de 2018, número 1694/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O precio dos carburantes en Galicia está por enriba da media nacional e dentro das Comunidades Autónomas co precio máis alto.

Dacordo cos datos do Ministerio de Enerxía, o precio medio da gasolina no territorio nacional, no mes de decembro, foi de 123,70 céntimos e de 113,83 céntimos de euro para o gasóleo.

En Galicia, para o mesmo periodo, os prezos da gasolina foron de 127,2 céntimos de euro en Pontevedra; 124,8 en Ourense; 125,4 en Lugo e 127,3 na Coruña.

Polo que se refire ao gasóleo, os prezos foron de 119 céntimos de euro en Pontevedra; 118,4 eu Ourense; 118,8 en Lugo e 118,3 na Coruña.

En ambos casos, trátase de prezos que superan a media nacional e que supoñen que cada galego paga casi catro euros máis por repostar un depósito dun utilitario (55 litros de capacidade) que no resto do Estado. Así, fronte aos 62 euros do resto do Estado, un galego pagaría 65,6 euros. Deste xeito, Galicia ten o gasóleo máis caro de todo o territorio peninsular cando ten unha refinería de petróleo no territorio da Comunidade Autónoma e un alto índice de demanda, posto que o 60% das novas matriculacións son de vehículos diésel que é, ademáis, o que usan os transportistas e comerciantes.

Algo similar sucede coa gasolina, posto que cada galego paga 2,3 euros máis que no resto do Estado posto que dos 67,7 euros que se pagarían fora de Galicia, en término medio, un galego pagaría 70 euros.

Esta situación se reproduce na área de Vigo, que é a que conta cos prezos máis altos da provincia de Pontevedra.

Trátase de prezos máis altos que nas mesmas datas de anos anteriores e, sobre todo, máis altos que na media do resto do Estado polo que deben establecerse medidas que contribúan a reducir o prezo de venta dos carburantes para as familias e para o tecido productivo de Vigo e, por extensión, da súa área metropolitana e resto do territorio.

A Xunta de Galicia ten un silencio cómplice con esta situación que non podemos compartir si temos en conta que ten competencias en materia de comercio e, tamén, en materia impositiva.

Polo tanto, chegou o momento de esixir responsabilidades ao Presidente da Xunta de Galicia para que adopte medidas que garanten un prezo razoable dos carburantes que usan os galegos.

Por mor disto ao Pleno Municipal do Concello de Vigo propoñemos o seguinte:

ACORDO:

- Instar á Xunta de Galicia a adoptar as medidas que garanten un prezo xusto dos carburantes e, en especial, a redución do Imposto sobre Hidrocarburos, no tramo galego, a supervisión dos prezos fixados polos suministradores e a establecer medidas que favorezan o uso de enerxías alternativas aos combustibles fósiles.”

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: A través desta moción o goberno municipal pretende reaccionar fronte a inactividade total do Sr. Feijóo, do goberno da Xunta de Galicia, porque é un feito lastimosamente certo que o prezo dos carburantes en Galicia é máis alto que no resto do Estado e máis alto polo tanto, que no resto das comunidades autónomas. Basta con reflectir o incremento do prezo do gasóleo máis dun 13% respecto do ano 2016, na comunidade autónoma de Galicia fronte ao 9% que se incrementou noutras comunidades autónomas. Esta, máis que nos pese é a realidade e o goberno da Xunta de Galicia, o goberno do Sr. Feijóo, é cómplice desta situación porque non fai o que ten que facer, o que está nas súas

competencias para revisar esta situación. Miren, de acordo cos datos do Ministerio de Enerxía, datos polo tanto oficiais, o prezo medio da gasolina no territorio Nacional no mes de decembro foi de 123,7 céntimos e o do gasóleo 113,8 céntimos, isto no territorio nacional, se pasamos a escala galega temos que o prezo do gasóleo na provincia de Pontevedra foron 119 céntimos, en Ourense 118, en Lugo 118, en A Coruña 118 euros, pero o prezo da gasolinas estivo nos 127 céntimos de euro na provincia de Pontevedra, tamén na de A Coruña, 125 en Lugo e 124 céntimos na provincia de Ourense. En definitiva prezos moitos máis altos, de acordo cos datos oficiais, que no resto das comunidades autónomas é no resto do territorio peninsular do Estado, pero mire por ser máis claro e máis sinxela a exposición desta moción, isto supón que o que lle custa a un galego por repostar o depósito do seu utilitario de 55 litros, un utilitario medio é catro euros máis que o que custa repostar o mesmo coche noutra comunidade autónoma, catro euros máis que o que lle custa a outro propietario do mesmo coche noutra comunidade autónoma e case tres euros máis do que lle custa ao titular dun vehículo de gasolina noutra comunidade autónoma do Estado. Se trasladamos esta comparativa a outros medios de transporte temos que un camión articulado que ten un depósito medio de uns 1.400 litros paga moito máis en Galicia que noutra comunidade autónoma do resto do Estado e xa non ten que dicir o que custa repostar gasóleo nun buque conxelador, que ten un depósito de combustible de media de alta capacidade dun 300.000 litros, polo tanto, isto fai que repostar nun buque conxelador que é o que sae a pescar o que trae o peixe para que podamos comelo, encher ese depósito de combustible, custou un 54.000 euros máis en Galicia que noutras comunidades autónomas. Polo tanto, trátase dunha situación que é claramente insostible e no que a Xunta de Galicia, o Sr. Feijóo, mira para outro lado e fai un silencio cómplice desta situación e por que digo que fai un silencio cómplice desta situación? Porque dentro das competencias que ten a Xunta de Galicia está o comercio interior, dentro do comercio interior atópase o control das estacións subministradoras de combustible, cousa na que o Sr. Feijóo non está a facer nada, escúdase noutra serie de motivos, razóns, como tamén preténdeo facer o Partido Popular de Vigo na súa moción, pero que tampouco fai nada instando á Comisión Galega de Defensa da Competencia a que revise os prezos que se poden estar a pactar entre os subministradores de gasolinas e gasóleos,

pero o que é máis grave é que o tipo autonómico do imposto de hidrocarburos é o máis caro dentro do contexto do estado, e quizais neste senso habería que mirar á voceira do Partido Popular no Concello de Vigo porque cando era concelleira de Facenda estableceu ese tipo alto en catro 4,8 céntimos de euros por litro de combustible, polo tanto, temos o tipo máis alto do imposto de hidrocarburos no contexto do Estado.

É tempo, polo tanto, de que a Xunta de Galicia adopte medidas que permitan que os galegos e particularmente os cidadáns de Vigo da súa área non paguen de mais polos hidrocarburos que subministra aos seus vehículos, aos seus camións e aos seus barcos.

SR. PÉREZ CORREA: Nós estamos un pouco desconcertados con esta moción, se o que se pretende é a nacionalización da distribución dos hidrocarburos, aquí nos terá a nós absolutamente a favor de que se controle absolutamente todo e os países que teñen nacionalizado precisamente isto, son absolutamente independentes e incluso nas súas políticas poden derivar gran parte dos ingresos que se producen polos hidrocarburos noutro tipo de políticas sociais, é dicir, aquí se fala de “supervisión dos prezos fixados polos subministradores”, nos estamos completamente de acordo, creo que non está tan de acordo o Partido Socialista con estas cuestións nas comisións do Congreso dos Deputados onde cada vez o grupo de Marea-Unidos Podemos, pide o control e incluso a creación dun mecanismo público de control da distribución dos hidrocarburos, vostedes reiteradamente din que non, e din que non porque este instrumento existía nos anos 80, porque existía un instrumento que era o Instituto Nacional de Hidrocarburos e que de aí saía gran parte da xestión integrada da distribución neste país, e que foi un dos requisitos para entrar na Unión Europea e liquidar ese organismo público de control que permitía establecer os custos de distribución de hidrocarburos no Estado, apareceu ese mamotreto Repsol, que logo se converteu na porta xiratoria de moitos cargos do Partido Socialista e posteriormente do Partido Popular e temos agora mesmo un sistema de competencia e de libre distribución, claro, cando imos a ver cales son os factores que interactúan no prezo dos hidrocarburos, un deles é certo, é o prezo do barril de cru, pois ao mellor unha política non hostil ao lexítimo goberno de Venezuela nos facilitaría acordos comerciais e de distribución para obter de países

produtores e do país que ten a maior bolsa de petróleo de gas agora mesmo no mundo, pois posiblemente teríamos outro tipo de desenvolvemento económico como por exemplo ten Cuba, que ten unha situación privilexiada á hora de obter hidrocarburos a cambio de programas sociais, xa non imos entrar niso que é xeopolítica e que seguramente aquí non interesa pero queremos ir aquí ao detalle, quen interactúa no prezo dos hidrocarburos? Eu creo que a Xunta de Galicia por desgracia non ten capacidade, podería quitar o céntimo sanitario, que tamén o céntimo sanitario é unha das cuestións que está enriba do prezo ou da alza dos carburantes, podería quitala, practicamente tódalas comunidades teñen o céntimo sanitario, algunhas gobernadas vostedes, algunhas polo Partido Socialista, e outras polo espazo Unidos Podemos e o espazo do Partido Socialista, poderíamos propoñer iso, tamén poderíamos pensar que hai que poñer máis gasolineiras, que parece ser un é un factores que fan que sexa máis barato os hidrocarburos, onde máis oferta de gasolineiras hai, o prezo se abarata que é un dos indicadores ou poderíamos pensar que teríamos que analizar se se está dando un grao de concentración sectorial e que catro ou cinco empresas grandes subministradores están a facer co mercado, e están a facer unha política de control dos prezos incluso nalgúns ocasións en dumping con outras comunidades. Por desgracia eu estando de acordo con esta moción a Xunta de Galicia ten bastante pouca capacidade de controlar o prezo dos hidrocarburos e menos dende a perspectiva do comercio, se o que pretendemos é quitar o céntimos sanitario, que se diga abertamente, quitemos de Galicia o céntimo sanitario, nunha recadación de 80 millóns de euros da administración autonómica, no Estado Español son case 1.300 millóns, pois quitemos o céntimo sanitario. Como controlar unha comunidade autónoma á supervisión dos prezos fixados polos subministradores? A min se me ocorre a nacionalización pero claro non creo que a Comunidade Autónoma de Galicia nin moito menos o Sr. Feijóo, creo que estea pola labor de levar un programa soviético de control dos hidrocarburos, polo tanto, parécenos sorpresiva, claro, poderíamos entrar na oportunidade política como aquí é máis caro, pois a culpa é da Xunta de Galicia, home, por desgracia vostedes, o Partido Socialista, posteriormente o Partido Popular e cos procesos de privatización de Repsol entregándolle a caixa ao BBVA, gran parte do patrimonio público de tódolos españois e a parte por non falar da antiga Campsa que se cortou en anacos e se malvendeu, vostedes fixeron que

nos quedáramos sen mecanismos de control público dos prezos, sabendo ademais que nos achegábamos ao pico do petróleo e que os países que tiveran control enerxético e control sobre determinados procesos de distribución sería diferente, Galicia ten un problema, que estamos lonxe dos oleodutos que son os que abaratan noutras comunidades, hai comunidades que polo sistema de distribución, a cercanía ou non aos oleodutos que nos subministran dende nomeadamente o norte de África pero tamén dos que veñen de Europa, pois ao estar lonxe non nos queda outra opción que buscar alternativas, para nós perigosas como son o tráfico marítimo de hidrocarburos de tan desgraciada memoria neste país, nós estamos de acordo pero vai ser un brindado ao sol porque a Xunta de Galicia, ten a capacidade de control de hidrocarburos como a que teño eu de bailar flamenco.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sr. Aneiros eu cría que esta moción ía de baixar impostos porque se queren baixar impostos poderían comezar por baixar os de Vigo que son os máis altos de Galicia, pagamos os impostos máis caros de Galicia, vostede debería sabelo, págase por un imposto de plusvalía que ademais os tribunais dixeron que hai que deixar de cobralo cando as vendas se producen a perdas, pero pagamos a auga máis cara de Galicia, o Vitrasa máis caro de Galicia, o IBI máis caro de Galicia, a grúa máis cara de Galicia, o imposto de circulación máis caro de Galicia, etc. pero a moción non vai disto, a moción vai de que o Sr. Feijóo fixe os prezos da gasolina, vostede é profesor universitario e debería saber que o Sr. Feijóo non fixa os prezos da gasolina, pero vostedes intentan é o de sempre, o modus operandi deste goberno: enredar, mentir, manipular, intentar confundir, porque este é o réxime onde estamos establecidos, dicía o Sr. Pérez, de Marea de Vigo, falaba de Cuba e de réximes totalitarios pero aquí tamén hai un réxime e é un réxime ao que non lle gustan os debates, é un réxime onde se levantan do Pleno ou que se poñen no Pleno a ler os xornais porque non lle interesa, ou que non lle interesa que se transmitan os debates no Pleno para que a xente non saiba o que pasa aquí, porque non lle gustan as críticas, aquí o que se impón por parte deste réxime local é o pensamento único, vostedes xa teñen os seus propios programas para que retransmitilos se xa teñen os seus propios programas pagados cos cartos de tódolos vigueses nos que por certo, nunca hai espazo para a oposición municipal, esa é forma de actuar pero esa forma se acabará pronto, acabarase o

ano que ven, porque Vigo é moito máis que vostedes, que a súa propaganda e populismo, Vigo é moito máis que esa intención reiterada e constante de inculcar o pensamento único en Vigo e por iso quería comezar a informarlles que o Sr. Feijóo non fixa os prezos da gasolina, este é un problema de competencia, de oferta e demanda, iso é de primeiro de económicas, non de tributación, pero ao mellor no Pleno do mes que ven lles podo dar unha idea, que se lle pode ocorrer instar ao Sr. Feijóo a que negocie o prezo do seguro dos automóviles porque sabe que pasa, os seguros do automóbil na provincia de Pontevedra son máis caros que na provincia de Ourense ou de Lugo, e seguramente a culpa será do Sr. Feijóo, nós apoiariámolo nesa idea de que os seguros de automóbil sexan máis baratos que outros sitios porque en Pontevedra son máis caros, se o Sr. Feijóo tivera algo que ver neste asunto pois ao mellor podería arranxalo, pero non ten nada que ver, iso é o absurdo a onde vostede chegan, porque chegan ao absurdo totalmente, isto non ten que ver coa tributación, Galicia é a terceira comunidade autónoma co gasóleo máis caro antes de impostos e isto é a única responsabilidade, que non hai xustificación ningunha para iso, e nós dicimos que non hai ningunha xustificación pero é das subministradoras, das empresas privadas que subministran o prezo, de feito, o gasóleo en Galicia é dos máis caros de España, é un 11% máis caro que en Murcia, un 7% máis caro que en Valencia e un 6% máis caro que en Andalucía, e que é o que estamos facer? Pois intentar na medida das nosas posibilidades, pelexar coa Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia para que funcione correctamente o mercado, para que as empresas fixen os prezos en atención non só aos seus propios e unicamente os seus intereses, senón que poñan orden e control nesta anomalía que hai nos prezos. Ademais dende a Xunta de Galicia estanse a simplificar trámites para abrir gasolineiras, para que haxa máis gasolineiras independentes, ao mellor o Sr. Caballero que agora está tan subido á noria e vai tanto a Madrid, eu non sei como non o invitaron ao Foro de Davos, pero como agora se senta cos señores de Abanca, despois de escoitalos dicir que a crise fixo que o sistema de caixas se viñera abaixo, eu non sei o que pensará o Sr. Gayoso pero como agora se senta o Sr. Caballero e vai comer cos banqueiros de Abanca, podería dicirlles que arranxaran o prezo da gasolina, ou chamar a Donald Trump ou ao dono da Shell ou ao dono da Campsa e aí si poderíamos arranxar o

prezo da gasolina, eu non sei como o Sr. Caballero é incapaz de arranxar o prezo da gasolina ao menos en Vigo.

SR. ANEIROS PEREIRA: Isto vai camiño de converterse no Club da Comedia porque para uns o culpa do elevado prezo da gasóleos e gasolinas é das relación con Venezuela e para outras é das subministradoras, parece que hai que chamar ás grandes empresas para pedirles que baixen o imposto, non é así, a situación é moi sinxela de entender, cal é a diferenza entre un vigués e unha persoa que reside en Bilbao? En Bilbao hai refinería, en Galicia hai unha refinería, temos unha refinería a 150 quilómetros de Vigo, cun oleoduto que nos comunica incluso ao alto de Puxeiros, cal é a diferenza entre unha persoa que reside en Vigo e unha persoa que reside no País Vasco? Que en Vigo paga un 13% máis de gasolina, por que, porque a Xunta de Galicia que ten competencias en control interior, en comercio non exerce esas competencias, porque a Xunta de Galicia quen ten competencias para instar ao Consello Galego de Defensa da Competencia que revise os prezos das gasolinas non o fai, por que é culpa da Xunta de Galicia? Porque ten un tramo autonómico do imposto sobre hidrocarburos que ten o seu tipo máximo 4,8 céntimos por litro, por certo, a Sra. Muñoz está moi calada nesta moción porque era ela quen era concelleira de Facenda cando se estableceu este tipo, o máximo posible sobre o imposto de hidrocarburos, polo tanto, ese é o motivo polo que a Sra. Muñoz está moi calada e ese é motivo porque poñen ao Sr. Fidalgo a disparar o ventilador de cousas que non veñen a cabo. Pero centrémonos, a Xunta de Galicia ten competencias en control do comercio interior, control que non está exercitando, a Xunta de Galicia ten competencias para instar ao Consello Galego de Defensa da Competencia a que revise se hai pactos entre as compañías subministradoras para establecer os prezos da gasolina, é lamentable que nunha comunidade autónoma que ten unha refinería, unha das poucas comunidades autónomas que ten unha refinería , os prezos dos carburantes sexan máis elevados que no interior do Estado donde esa refinería subministra gasóleo e gasolina. É lamentable, é absolutamente deplorable que a Xunta de Galicia non exerza esas competencias e miren se que ten algo que facer, pode comezar por baixar o imposto sobre hidrocarburos, o tramo autonómico do imposto sobre hidrocarburos, outras comunidades autónomas xa o baixaron e Galicia segue mantendo ese tipo máximo, por certo, tamén segue

subindo indirectamente o prezo da electricidade co canon eólico, co imposto da contaminación atmosférica, co imposto sobre a auga embalsada, efectivamente, polo tanto, o control que está a facendo a Xunta de Galicia dos prezos nos carburantes e nas enerxías é lamentable.

PRESIDENCIA: Pronúnciose sobre a emenda, non a acepta a emenda.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sr. Presidente, esta emenda é exactamente igual a unha que se presentou onte no Parlamento de Galicia e que foi aprobada por unanimidade e que a presentou o líder do PSOE de Vigo, o Sr. Losada.

PRESIDENCIA: A verdade que o do Sr. Fidalgo non nos sorprende, este posicionamento, antes nos dicía que o debate non era público e que non estaba retransmitido e claro, tódolos que estamos aquí, tanto o público como os propios concelleiros/as vendo catro cámaras de televisión pois deixamos de sorprendernos das súas propostas e da falla de transparencia deste Pleno, cando vemos público na bancada e vemos público a través dos canais de televisión e vemos público a través das emisoras de radio, dos xornalistas, das grandes mulleres e homes xornalistas que están retransmitindo este Pleno.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Pódeme dicir onde o retransmiten?.

PRESIDENCIA: Non está no uso da palabra, agora imos a ditaminar a moción.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernández, por ausencia do seu titular.)

VOTACIÓN: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e sete abstencións dos

membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 26.01.2018 (Rex. Nº 1694/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

7(7).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A ACOMETER, POR VÍA DE URXENCIA, A OBRA DE TRASVASE DO VERDUGO, DE ACORDO CO CONVENIO CONSENSUADO ENTRE CONCELLO E XUNTA. EXPTE. 1697/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de xaneiro de 2018, número 1697/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A Xunta de Galicia, como non podía ser doutro xeito, continúa na liña sistemática de confrontación e discriminación para con Vigo. Neste caso, o do trasvase do río Verdugo, a Xunta quere deixar a Vigo sen auga, por iso o noso rotundo rexeitamento á decisión da Xunta (Augas de Galicia) de tramitar pola vía ordinaria a obra do trasvase do río Verdugo para garantir máis fornezo de auga ao sistema que abastece a área de influencia viguesa, 450.000 veciños.

Pola súa banda, Augas de Galicia xustificou esta decisión porque según eles non se dan os requisitos legais para tramitar esa obra pola vía de urxencia, posto que os sistemas de abastecemento 1 e 2 xa non están en situación de alerta.

De feito, a principios de xaneiro o goberno municipal vigués remitiu ao organismo autonómico o convenio asinado para a execución desta obra, cuxo custo financiaría o Concello nun 80 por cento, pero tampouco lles vale.

A conselleira Beatriz Mato e o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, deben cumprir coa súa obriga e comezar a construír a tubería do trasvase pola vía de urxencia, cuxo financiamento asume case na súa totalidade o Concello de Vigo. Recordámoslles que a presa de Eiras, propiedade do Concello de Vigo, abastece de auga á cidade e a outros 150.000 veciños de varios municipios. Falamos do auga sobrante do Verdugo, non se trata de danar a ninguén, por iso non entendemos a actitude pouco solidaria de Ponte Caldelas e Soutomaior, que ata convocaron manifestacións en contra.

Esta obra pediuse por primeira vez en 2008 e posteriormente volveuse a solicitar en 2011 para facer fronte a estas situacións de extrema necesidade, que periódicamente vense producindo en Vigo, a consecuencia do cambio climático.

Nada garante que as próximas estacións non vaian ser secas, e responsabilizamos ao presidente Feijóo de todo aquilo que poida suceder, que abandone o antiviguismo e cumpra co acordado.

Por todo iso, propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia a acometer por vía de urxencia a obra de trasvase do Verdugo, necesaria e imprescindible, porque é legal, non ten dano ambiental e que se realice de forma inmediata, de acordo co convenio consensuado entre Concello e Xunta.”

DEBATE:

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Instar á Xunta de Galicia a acometer por vía da urxencia a obra do transvase do río Verdugo, necesaria e imprescindible porque é legal e non ten dano ambiental e que se faga de forma inmediata, de acordo co convenio que temos consensuado tanto o Concello de Vigo como a Xunta de Galicia, obriga da Xunta de Galicia de atender ás necesidades de recurso, a Lei 9/2010 de Augas de Galicia establece que é obrigatorio por Augas de Galicia a ordenación dos abastecementos e saneamentos en alta, artigo 11.5, tamén lle corresponde a Augas de Galicia a planificación, programación, o proxecto, a construción e a explotación das obras hidráulicas declaradas de interese de Comunidade Autónoma de Galicia, que o fará o Consello da Xunta de Galicia, artigo 11.3, e neste caso como todos sabemos o abastecemento a Vigo non só é a Vigo senón á gran área de influencia da cidade de Vigo, o sistema hidráulico de Vigo abastece a máis de 450.000 persoas, a metade, 1 de cada 2 pontevedreses abastécense da rede de auga de Vigo e 1 de cada 6 galegos abastécense da rede de auga de Vigo, e por iso

a Xunta de Galicia é quen debe acometer sen máis atraso as obras que contribúen á solucionar os problemas de abastecemento no caso de seca. É unha necesidade que non desapareceu, é unha necesidade que non é nova, que vai volver aparecer, en outubro do ano 2002, en setembro do ano 2006, no verán do ano 2011, xa sufrimos episodios de secas e ano pasado o 2017 volvimos a vivir un período de seca o máis extremo desta serie e vimos como o embalse de Eiras chegaba a mínimos históricos dende que é rexistrado os caudais do embalse de Eiras. Lamentablemente non estamos en condicións de asegurar que non se reproduza o próximo inverno ou o seguinte xa que todos podemos percibir como estes episodios de seca se reproducen cada vez con máis frecuencia e cada vez con máis gravidade, xa o dicía o director de Augas de Galicia, o Sr. Roberto Rodríguez, “o cambio climático veu para quedarse” e eu entendo que o grupo Popular tamén dirá o mesmo, non lle pasará como ao Sr. Rajoy que dirá que o seu primo lle dixo que non hai cambio climático. Pero isto non só é un problema de Vigo, a actuación non só contribúe á paliar os problemas de abastecemento da cidade de Vigo, ante períodos de seca, senón a un área de 450.000 habitantes, diciámolo antes, 1 de cada 2 pontevedreses, 1 de cada 6 galegos, habitantes que se abastecen apoiándose nas infraestruturas hidráulicas de Vigo, Moaña, Cangas, Nigrán, Redondela, Soutomaior, Porriño, Salceda, Mos, Gondomar; Vigo foi solidario con estes concellos e non deixou de atender ao resto dos concellos da área nin nos peores momentos, a pesares de que os acordos con estes prevén a posibilidade de restrinxir a auga subministrada en episodios de seca e isto mentres a administración hidráulica se negaba a revisar os caudais ecolóxicos, todos lembramos o 18 de outubro, que Vigo solicitaba axustar o caudal ecolóxico de Eiras ao mesmo valor autorizado pola Xunta de Galicia en xullo do 2011, ata o 14 de novembro non se autorizou revisar este caudal ecolóxico e nuns valores superiores aos autorizados no ano 2011, non é unha proposta nova senón que é unha proposta da Xunta de Galicia, a do transvase do río Verdugo, que xa debería estar feita porque o abastecemento do río Verdugo non é unha proposta nova senón que é a proposta que fixo a Xunta de Galicia no seu Plan de Augas e que Vigo aceptou, xa no ano 2005 a Xunta de Galicia elaborou un estudo de solucións para a mellora do abastecemento urbano, aos grandes núcleos de poboación galegos no que contemplaban a posibilidade de actuacións para o abastecemento de área de Vigo,

posiblemente a Xunta de Galicia recolle no seu vixente Plan de Abastecemento de Auga a captación do río Verdugo, ante períodos de seca en febreiro do 2013, o que é verdade que nin no 2011, nin no 2013, nin no 2015, méteno nos plans de auga, nos plans de seca, nos plans hidrolóxicos da Xunta de Galicia pero non se efectúa, así que a Xunta de Galicia inicia un Plan e esta proposta configura unha situación viable que ofrece garantías razoables, dende o punto de vista do recurso potencial da auga, nos sorprende moito e sobre todo porque todos temos a táboa dos períodos de trámite que supoñen, un trámite de urxencia como o que nós aceptamos, como o que nos propuxo a Xunta de Galicia e asinamos a través dun convenio e vemos que un trámite normal se dilataría a 660 días, non teríamos esta infraestrutura ata decembro do ano 2022, que pasa se o ano que ven temos seca? Vigo se pode permitir este luxo? Eu creo que señores da Xunta de Galicia ser responsables e poñerse a traballar.

SR. PÉREZ CORREA: Vigo non se pode permitir moitos luxos, está claro, pero o luxo principal que non se pode permitir a cidade de Vigo é o malgaste de auga e a xestión nefasta das políticas derivadas dunha concesión absolutamente infame que vostedes ampliaron cinco anos que é o consumo de 30 metros cúbicos. Pero imos falar da moción, máis alá das cuestións apocalípticas, aquí a moción en negrita, literalmente di “a Xunta quere deixar a Vigo sen auga”, Israel ocupa os Altos de Golán e non deixou sen auga a Siria e mira que se levan bastante peor que vostedes e a Xunta de Galicia, entre outras cousas que se matan a tiros a aínda así non creo que estamos na situación do conflito Israel-Siria polos recursos da auga do Golán, polo tanto, non creo que haxa unha vontade maliciosa de ningunha administración en deixar sen auga á cidade, outra é que se queira facer unha política demagóxica coa cuestión da auga e nós queremos poñer enriba da mesa primeiro, as incongruencias desta moción porque é unha moción que o seu grupo no Parlamento de Galicia no apoia, entre outras cousas porque pediu o voto separado, unha iniciativa do Bloque Nacionalista Galego, non é que non apoie o transvase, que é certo que hai Alcaldes e dirixentes do Partido Socialista que o dixeron, senón que o estamos a discutir é unha cuestión que vostedes poñen aquí na moción que é o trámite de urxencia e aí non deberíamos falar os políticos, aí deberían falar os técnicos, non hai ningún técnico de Augas de Galicia, de ningunha

confederación hidrográfica de ningún estamento ambiental que diga que agora mesmo se pode tramitar por urxencia un transvase e o digo na memoria do que o Partido Socialista historicamente ten defendido neste país, que creo que estivemos na mesma trincheira contra os transvases, que creo que fixemos bastante ruído en ámbitos obviamente de transvases máis importantes, o Tajo, o Segura, pero que sempre defendemos que as urxencias nas políticas de transvase non, iso é historia do Partido Socialista, é historia das miles de plataformas cidadáns como a que hai tamén aquí no sur de Galicia que din que o transvase é a opción final dunha serie de medidas correctoras nos períodos de seca, e nós aquí queremos introducir varias cuestións, dicir que a xestión da auga é exclusivamente unha responsabilidade autonómica é mentir porque somos un concello que ten atribucións tamén do subministro de auga, algo teremos que facer para evitar o 20% de perdas da rede, algo teríamos que ter feito para eliminar as tuberías de fibrocemento, as tuberías de fundición que xa están completamente desfasadas e que producen unha perda absoluta dese 20% de auga, algo teríamos que ter feito coa tarificación, porque non existe a auga de Vigo, iso é demagogia barata, a auga é dunha confederación hidrográfica, dicir como di a moción que como a presa do Eiras forma parte do inventario patrimonial de Vigo, o que hai dentro é noso, pois entón nun tramo dun río cada concello pon unha presa e aquí se queda a miña auga, creo que non estamos no salvaxe oeste onde a xente plantaba minas de ouro onde quería, creo que estamos nunha confederación hidrográfica e como confederación hidrográfica teremos que ver o conxunto da distribución da auga, Vigo é unha cidade onde non hai cultura de aforro da auga porque hai unha concesionaria que sistematicamente fomenta isto, facturando 30 metros cúbicos de consumo aínda que non sexa consumo real, o propio plan de emerxencia da confederación Galicia Costa, di que antes do transvase hai que cambiar cuestións importantes da tarificación, se o vigués sabe que pecha o billa paga menos, asegúrolles que non teríamos tantos problema de subministro, porque entón volvemos ao ano 2012 onde estábamos todos de acordo en que o transvase, todos digo tódolos partidos políticos, que o transvase non era unha opción para solventar o problema do subministro de auga en Vigo, falábase incluso da opción dun terceiro embalse, incluso se falaba da posibilidade dun transvase vía Miño, pero creo que había consenso, agora de repente cando de verdade vemos un problema que creo

que dende hai un ano que se declarou a prealerta, tivemos tempo para reaccionar, para facer medidas correctivas, para deixar de baldear, para cambiar o sistema de tarificación, e como vexo que isto é un debate que vai estar circunscrito a tres minutos, pero advertimos, ano que ven, 2019, temos que decidir xa se lle amplía ou non 5 anos máis a Aqualia, ou sexa, que o ano que ven teñen vostedes unha oportunidade de ouro para cambiar o sistema tarifario, que si que hai aforro, que o din tódolos concellos que cambiaron o sistema tarifario, que o consumo real e non o consumo por bloques aforra case un 40% dos consumos de auga nas grandes cidades europeas, París ou Bruselas, teñen unha oportunidade de ouro, ao mellor a cambio do Pezseto, esta vez tamén o paga Aqualia e outros cinco anos a cambio de cousas que non teñen nada que ver co subministro de auga, non sei que fai Aqualia pagando un banco, un farol, non sei que fai pagando unha maceta, vostede puxeron a Aqualia a pagar iso, non se que fai Aqualia pagando bombas de palenque nas parroquias, díganmo vostedes, que fixeron cos recursos dunha concesionaria pública? O transvase como última opción, se vostedes antes non fan tódalas cuestións previas non vale de nada.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: A verdade é que outra vez vostedes pretenden aquí desviar a atención ou emendarse a si mesmos porque realmente isto se debateu no Parlamento de Galicia no último Pleno e o Partido Socialista ante unha moción do Bloque Nacionalista Galego que pedía a prohibición do transvase abstívose, é dicir, o Sr. Losada, o líder do PSOE en Vigo actual comezou dándolle as costas aos vigueses, votando unha abstención, é dicir, posibilitando a prohibición dese transvase, entón, vostedes aquí hoxe presentan esta moción para emendarse así mesmos ou para lavarse un pouco a cara ou para tapar esa votación que foi unánime por parte do Partido Socialista en Galicia, que pasa, deixaron isto en mans do Partido Popular e este nunca lle vai dar as costas a Vigo, e o Partido Popular apoia ese transvase porque como dixo o Sr. Regades aquí, é a auga de Vigo pero é a auga da Área Metropolitana e por suposto que cando falamos de cantidade falamos de problema de auga e de abastecemento na Xunta de Galicia en ningún momento deulle as costas a Vigo e en ningún momento vailla dar, nin a Vigo nin a área metropolitana de Vigo. Polo tanto, o que cala outorga e vostedes calaron en Santiago de Compostela e outorgaron, e habería que escoitar tamén os argumentos

da deputada socialista que defendeu este transvase, que entre comiñas, eu non sei se o Bloque Nacionalista Galego, o compadreo que teñen vostedes na Deputación lles limita ás horas de votar pero nese momento no Parlamento de Galicia abstivéronse polo tanto, propuxeron a posibilidade de que puidese prohibir ese transvase, iso queda no diario de sesións do Parlamento de Galicia por parte do Partido Socialista, así que saiban tódolos vigueses e os cidadáns da área metropolitana quen lle está apoiando e quen deixan as votacións e quen delegan a responsabilidade do abastecemento de auga en Vigo.

En segundo lugar, a obra vaise facer, a pesares dos seus votos en contra en Santiago de Compostela, porque temos afortunadamente unha maioría suficiente que nos deron os galegos e polo tanto convén relatalos feitos porque en decembro Augas de Galicia declarou que a obra hidráulica do río Verdugo e a súa conexión con Eiras era urxente e polo tanto en decembro do ano 2017, o pasado decembro, declárase unha obra de emerxencia, como se declara unha obra de emerxencia o 7 de decembro remítese ao Concello o convenio de colaboración que vostedes asinaron hai catro días, é dicir, pasou o mes que se da para esa situación de emerxencia e agora veñen aquí pedindo que sexa unha posibilidade cunha urxencia, a emerxencia o que fai é saltarse totalmente o procedemento e a urxencia reduce os prazos, pero se houbesen asinado en tempo e forma no momento que si que era urxente e que si era unha emerxencia, iso se tería feito cando tiña que facerse. Polo tanto, eu insisto, sempre entorpecendo o que ten que ser unha colaboración entre administracións e sobre todo coa Xunta de Galicia porque eu insisto no compadreo coa Deputación de Pontevedra que aquí os convenios e as axudas ao día seguinte e ao minuto cero, moi ben. Asinan vostedes ese convenio en xaneiro e nós xa comezamos a sospeitar si vano cumprir ou non, como pasou coa proposta do transporte metropolitano de Vigo que están incumprindo permanentemente e aquí pagamos 1,35 euros polo Vitrasa e os cidadáns de Vigo non temos transporte metropolitano nin bonificacións porque non lles da a gaña a vostedes, pero sigan vostedes así.

Agora estamos ante un escenario ben distinto polos condicións meteorolóxicas e o problema en Vigo agora non é cantidade, neste momento é a calidade, se debaterá posteriormente noutra moción a calidade da auga de Vigo pero iso si que é competencia única e exclusivamente municipal que é arranxar todo o saneamento

de Vigo, eu lembro aínda os meus primeiros días e anos de concelleira cando o Sr. Regades viña aquí coas tubaxes de Vigo oxidadas, segue igual, Vigo por debaixo segue igual de oxidado que cando vostede levantaba aquí esas tubaxes porque das humanizacións só se adica ao saneamento un 1% do total do Orzamento, e polo tanto, todo un paripé, unha pantomima, nós imos apoiar esta moción porque isto xa está en marcha, isto é unha emenda a vostedes mesmos cos seus votos en Santiago de Compostela e por favor, teñan un pouco de responsabilidade e déanlle a Vigo o que se merece que a Xunta de Galicia nunca lle vai a dar as costas e o Sr. Losada xa lla deu.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Varias cousas, a primeira en toda a súa exposición falaba de saneamento, non, isto é abastecemento e claro que vostede diga, que despois dos quilómetros e quilómetros de rede de abastecemento na cidade de Vigo que se cambiou, que segue todo igual, pois dígallo aos veciños de García Barbón, de Coia, de Camelias, que tiñamos aquí en fronte un géiser cada dous por tres, nestes momentos temos o tema resolto. Dígalle tamén aos señores da Xunta de Galicia cando vostedes din se se tramitou isto, que trámites se fixeron, nós os levamos á Xunta de Goberno de Vigo, aprobámolo e estas é a carta de remisión á Xunta de Galicia, a Xunta de Galicia non fixo ningún trámite por este convenio que xa ten a Xunta de Galicia enriba da súa mesa, asinado por o Sr. Caballero, o Alcalde da Cidade. Isto é a realidade, nós temos tódolos trámites feitos, Sra. Muñoz, como di o convenio, no momento que se asine o convenio disporase de crédito porque este Concello outra cousa non terá pero o ben xestionado que está, ten crédito de sobra, e despois están os señores de Marea de Vigo que non creen na cidade, que todo está mal, e claro nos sorprende moito que di as viguesas/es, volvemos a insultar porque é característica que ten, xa o vimos co tema de Citroën, xa o vimos co tema de comercio e agora vémosto que lle bota a bronca ás viguesas/es e di que non son aforradores, é que non se decata, Sr. Pérez, os datos publicados pola Xunta de Galicia din que a media de consumo de Vigo está por debaixo de tódolos consumos de Galicia, entón por que insulta a tódolos vigueses dicindo que non sabemos aforrar e non temos condicións de aforro, é que o seu é de Marea. Despois fala de que non se renovan as tubaxes, se temos a maior renovación na historia de Vigo de tubaxes na cidade, Vigo é consciente da necesidade que ten de xestionar a

auga por iso Vigo, 20 anos despois consume un 10% menos da presa que consumía hai 20 anos, e voulles dicir unha cousa, hai 20 anos saben canto significaba o consumo dos concellos da área de Vigo á presa de Vigo? Menos do 4%, sabe canto supón agora a solidariedade de Vigo? Canto cede da produción de auga Vigo ao resto dos concellos da área? O 20%, e tendo o 20% temos menos do 10% de consumo, aumentamos un 20% e baixamos un 10%,. cando chegamos nós a esta Concello a captación de Eiras era un colador, saía auga por tódolos lados, hoxe non hai unha soa fuga, eu lle diría aos señores de Marea que prestaran máis atención, que foran máis eficientes na súa labor de oposición e cando fan unha afirmación e sobre todo cando se menten coas viguesas/es que o fagan de forma científica e non o fagan como unha conversa de café.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernández, por ausencia do seu titular.)

VOTACIÓN: Con vinteun votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras , Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 26.01.2018 (Rex. Nº 1697/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

PARTE DE CONTROL

8(8).-DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 21 de decembro de 2017 e 25 de xaneiro de 2018.

9(9).-DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 21 de decembro de 2017 e 25 de xaneiro de 2018.

MOCIÓNS.

10(10).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A FACILITAR TÓDALAS ANALÍTICAS REALIZADAS POR AQUALIA NOS MESES DE NOVEMBRO E DECEMBRO DE 2017 E XANEIRO DE 2018, E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 1695/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de xaneiro de 2018, número 1695/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O sucedido nos últimos dous meses na cidade de Vigo non fai senón constatar que a auga é un problema evidente nestes momentos. Non en van, durante este tempo téñense sucedido resultados de informes moi preocupantes, realizados por técnicos da administración local e autonómica, en diferentes lugares de Vigo.

Así, a labor de oposición deste grupo permitiu destapar un primeiro informe levado a cabo o 12 de decembro de 2017 polo Laboratorio municipal de Vigo no colexio público Ría de Vigo. Unha analítica que destapaba uns valores de ferro moi superiores ao máximo permitido para que a auga sexa considerada potable.

Pese a todo, este goberno local tardou máis dunha semana en realizar a pertinente segunda analítica, tal vez na vontade de evitar que se vinculase dita analítica con outro informe, realizado desta volta polos técnicos de Aqualia o día 13 de decembro, que tamén superaba os valores de ferro permitido. Un comportamento que evidencia que, ata o de agora, o goberno de Vigo parece máis preocupado por agochar a realidade que por facer o seu traballo.

Xunto a estas analíticas, os técnicos autonómicos dispoñen tamén de varios informes con resultados de ferro superiores aos permitidos no propio barrio de Canido, se ben non en días consecutivos. Unha estraña situación que tal vez poida deberse as posibles purgas de auga de Aqualia na zona afectada, que temos coñecido estes días a través dos medios de comunicación e que o goberno segue sen aclarar.

Pero non acaba aquí o problema. Ao CEIP Ría de Vigo sumábase o colexio San Salvador de Teis, onde outro informe do Laboratorio municipal amosaba valores de ferro por riba dos permitidos.

Coñecida toda esta situación, e ante o escurantismo e a continua negativa a achegar as analíticas amosada por este goberno, a directora doutro colexio público de Canido, o CEIP Carrasqueira, acudiu a un laboratorio privado a realizar voluntariamente unha análise da auga. O resultado: non era potable.

Polo tanto, nestes mesmos intres, tres centros educativos públicos de Vigo están a empregar auga embotellada. ¿E qué fai o Goberno de Vigo mentres tanto? Segue a ocultar a información mentres asegura que toda está ben e fala, coma non, de conspiracións exteriores alentadas pola Xunta de Galicia.

Pero por si todo isto fose pouco, nas últimas datas detectáronse tamén valores superiores aos permitidos nun composto químico, o trihalometano. Ata tal punto, que desta volta as autoridades sanitarias non dubidaron en recomendar que non se consumise a auga de Canido. ¿E cal foi a resposta do Goberno de Vigo? Unha vez mais, o culpable era un suposto inimigo exterior encarnado na Xunta de Galicia.

Ferro, cloro, trihalometano, turbidez... Nada parece dar ben na auga de Canido.

Mentres que todo isto sucedía, este grupo municipal, axeo a inimigos externos e preocupado pola saúde dos vigueses, dedicouse a solicitar todos os informes realizados pola concesionaria da auga durante estes meses; a demandar a

publicidade dos métodos empregados polo goberno local e pola propia concesionaria para realizar as analíticas que garanten a calidade da auga; e a exercer, en definitiva, a súa labor de oposición.

O goberno municipal e a concesionaria teñen recibido, de modo conxunto, máis dunha ducia de escritos, por rexistro e por burofax, demandando toda esta información. Mesmo acudíuse á Valedora do Pobo para paliar tanto oscurantismo ¿E cal foi a resposta deste goberno local? Seguir a ocultar a información.

A día de hoxe, o grupo municipal do Partido Popular de Vigo continúa sen recibir as analíticas de Aqualia realizadas durante os meses de novembro e decembro e no que levamos de 2018; e sen coñecer o sistema empregado pola concesionaria para analizar a auga de Vigo. E iso pese a que o primeiro tenente de Alcalde de Vigo prometeu na sesión plenaria de decembro, ostentando nese intre a Presidencia do Pleno municipal, que aportaría a susodita información inmediatamente, tanto aos grupos da oposición como aos medios de comunicación.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal do Partido Popular insta ao Pleno da Corporación á adopción do seguinte acordo:

- Instar ao goberno municipal a facilitar inmediatamente todas as analíticas realizadas por Aqualia nos meses de novembro e decembro de 2017 e de xaneiro de 2018
- Instar ao goberno municipal a dar a coñecer, de modo exhaustivo, os métodos de control empregados para garantir a calidade da auga de Vigo.
- Instar ao goberno municipal a exixir á concesionaria a publicación na súa páxina web dos resultados de todas as analíticas que realizan e dos controles que fan nas distintas zonas de Vigo, para que os veciños teñan á súa disposición toda a información necesaria.”

DEBATE:

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Xa que agora debatemos unha moción, esa que presentaron para desviar a atención e non falar do que realmente lles preocupa aos vigueses a día de hoxe que é a calidade da auga que están bebendo ou que vostedes queren que beban porque xa que debatemos, pois imos agora realmente a falar dun problema que está na rúa a día de hoxe, un problema que está na rúa Sr. Regades, por certo, escoitalo falar de consumo responsable de auga cando teñen vostedes a tarifa de tramo fixo máis alta de España e que lle cobran aos vigueses, consuman ou non consuman, é realmente sorprendente, Sr. Regades, predicar unha cousa e facer exactamente o contrario, Sr. Regades, por favor un

pouco de seriedade, vostede si que insulta aos vigueses cando lles cobran o que non consumen e enriba lles pide un consumo responsable, iso si que é insultar aos vigueses. Pero imos falar do que realmente lles importa que é a calidade da auga que está a beber e unha das cousas que a seca destapou é que en Vigo temos un problema coa calidade da auga, un serio problema coa calidade da auga que este goberno coñecía por informes da Aqualia dende o ano 2010 e que estivo ocultándolle a tódolos vigueses/as, un problema que existía, que se agravou coa seca e que se destapou coa seca pero o problema non é só que teñamos unha mala calidade cobrada a prezo de ouro Sr. Regades, non, o problema non é ese, o problema é o que fixo este goberno municipal ante este problema, a reacción deste goberno municipal ante este problema e vostedes o que fixeron foi ocultar os datos, a información aos vigueses, facer aos vigueses beber auga amarela, auga que non estaba en condicións e ocultar os resultados dos controis, iso é o que estiveron vostedes facendo ao longo deste meses, intentando tapar o problema. Presentamos dende este grupo municipal doce escritos pedindo que se nos deran os resultados dos controis, máis de dous meses esperando, e recibimos dous escritos de contestación, o último antes de onte, curioso despois do Pleno que o Sr. Regades nos prometeu que ese mesmo día o íamos ter e dous días antes doutro Pleno no que volvemos a pedir eses informes, de repente aparecen os informes, algúns dos informes de Aqualia de novembro e de decembro, algúns dos informes de Aqualia como imos ver, pero aínda que nos están racaneando a información, aínda que están ocultando a información hai moitas cousas que se poden extraer deses controis e deses informes que nos enviaron, desa primeira remesa de laboratorio municipal a conclusión e a sorpresa cando en colexios de Vigo estaba dando o ferro por enriba dos valores, sabíanos vostedes e o ocultaron vostedes, nin llo dixeron a Educación, nin a Sanidade, grave, gustaríame saber e ter escoitado á concelleira de Educación dicir algo ao respecto, nenos bebendo auga co ferro por enriba dos límites, señores do goberno municipal, e vostedes calados, non dicíndollo a ninguén, e desta segunda remesa tamén atopamos cousas moi interesantes dos informes de Aqualia, en primeiro lugar informes de Aqualia que daban e mostraban claramente que comezabamos a ter un problema de ferro grave nesta cidade, a medida que avanzaba o mes de novembro e o mes de decembro, grave de ferro con valores por enriba dos 500 canda a potabilidade está

en 600 e o recomendado en 200; graves problemas de ferro e ante a denuncia do Partido Popular cando o 4 e o 5 de decembro había 7 sitios en Vigo que daban os niveis pretos a 600, que é o fixo este goberno? Cando demandou o Partido Popular? Pois xa que non está aquí o Alcalde de corpo presente porque parece que este é un tema que non lle interesa nada, máis que o titular, pois imos escoitar o que dicía o Sr. Alcalde o 6 de decembro cando había estes datos de Aqualia, non do laboratorio, de Aqualia, imos escoitalo que dicía (neste intre a concelleira pon un audio onde se escoita ao Alcalde dicir “chamadas do Partido Popular sementando alarma, cada catro horas ten unha analítica, insisto, en épocas normais fanas cada 4 ou 5 días, cada 4 horas fanse unha, repito cada 4 horas”) cada 4 horas faise unha, e pódeno ver na Ser, cada 4 horas o día 6 de decembro, sabe cantos informes de control de auga fixeron o 6 de decembro? Dous, coa auga disparada, Sr. Regades, isto é responsabilidade do goberno municipal? Onde están os informes do 6 de decembro e do 7 de decembro? Onde están os informes, Sr. Regades? Onde están os informes? Habería que preguntar ao Sr. Alcalde, cada 4 horas informes, pero isto que é? É unha broma de mal gusto e enriba se rin, Sra. Caride, a min non me fai ningunha gracia estes datos, vostedes viron os informes? O problema que temos en Vigo? Vostedes non se senten avergoñados da súa actuación? Sinceramente os vigueses merecen máis que vostedes, que este goberno.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Ben, o problema da auga esta aquí para quedarse, pero o culebrón da análise da auga xa está durando de máis, hai uns días podíamos ler nun medio de comunicación a dona dun restaurante da zona de Canido, que poñía as cousas perfectamente claras, dicía esta veciña, “a calidade da auga non é opinable, é algo científico e cuantificable, pero nin así logran poñerse de acordo, ou se pode beber ou non, é moi fácil, o peor é para os veciños/as que non sabemos a que aternos.”

A seca puxo no centro de atención a calidade da auga na nosa cidade, un debate que dende a perspectiva do noso grupo é necesario que se dea de forma pública e transparente, hai que ser claros coa xente, non é admisible este baile de datos entre diferentes administracións, que o único que fan e enturbar a información á que a cidadanía ten dereito por lei.

Unha análise ten que ter datos obxectivos como ben dicía esta veciña que acumula moito máis sentido que o que están a demostrar as diferentes administracións. Poderíamos aproveitar este debate para poñer en primeira liña da opinión pública a necesidade da mellora urxente de tódalas infraestruturas que teñen que ver coa auga na nosa cidade, ben sexan potabilizadoras, canalizacións, é de coñecer que fai falla colaboración de tódalas administracións e que esta tarefa é urxente, que porcentaxe de perda teñen as canalizacións da nosa cidade, cales son as necesidades de potabilización non cubertas, etc. pero non, enleámonos noutra guerra máis enrocados na posición de todo vai ben, e se hai, que as hai, carencias nas infraestruturas afrontémolo, a cuestión non é se hai que facer un esforzo decidido nesta área, a cuestión é que non podemos esquivar máis este problema. Se hai niveis de ferro ou calquera outra substancia na auga de consumo que esixe medidas correctoras, afrontémolo decididamente con toda a transparencia, o problema saíu á palestra pola seca, máis nin iso é o problema da seca, nin esta marchou para non volver, estas cuestións van ser cíclicas e cada vez máis frecuentes, se pensamos que imos poder esquivalo, fraco favor lle faremos á cidadanía que espera de nós solucións. Isto non se soluciona cunha hipercloración ou cunha purga, porque este non é un problema puntual, a hipercloración ou purga de tubaxes se fose puntual para un problema temporal non é un problema, explícase, faise e xa está, o problema é cando por motivos para nós incomprendibles non se fala alto e claro á cidadanía de Vigo o problema é de infraestruturas e de tarificación, a Directiva Europea de auga pide tarificación por consumo real para fomentar a cultura do aforro.

Este problema de infraestruturas vaise ver agravado cada verán, non se pode remediar con medidas excepcionais o que vai ser cada vez máis habitual. Onte, penúltimo episodio coa Xunta de Galicia cargando responsabilidade no laboratorio municipal, un laboratorio a punto de certificarse con falla de persoal e é o único organismo no que confía este grupo municipal, no que cadran tanto á Xunta de Galicia como o Concello en que Aqualia só pasaba por aquí e non ten ningunha responsabilidade, e hoxe temos outro episodio do culebrón con esta moción, sen entrar na exposición de motivos, os acordos propostos non é que sexan razoables, é que deberían ser a normalidade en calquera concello do país, “instar ao goberno municipal a facilitar inmediatamente as analíticas feitas por Aqualia, instar ao

gobierno municipal a dar a coñecer os métodos de control empregados para garantir a calidade da auga, instar ao goberno municipal a esixir á concesionaria a publicación na súa páxina web o resultados das analíticas”. Dende a nosa perspectiva e tendo en conta só os acordos contidos na moción, aquí non hai nada que debater, e polo tanto imos votar a favor desta moción.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Imos ver, o Partido Popular aquí di varias cousas e imos intentar contestar a todas elas e de forma que quede claro para tódalas veciñas/os da cidade de Vigo. “Instar ao goberno municipal a facilitar inmediatamente tódalas analíticas feitas por Aqualia nos meses de novembro, decembro e xaneiro”. Nestes momentos o Partido Popular ten en disposición estas analíticas que teño eu aquí a teñen a disposición eles que son as analíticas de novembro e de decembro, porque as de xaneiro non as teñen, pero as de xaneiro non as poden ter porque aínda non rematou o mes, e as terán sen ningún problema, co cal as análises xa se facilitaron, así como as incidencias rexistradas, a información completa de xaneiro poñerémola a disposición tan pronto acabe o mes.

O número de informes feitos pola concesionaria están moi por enriba das obrigas legais, sabe o Real Decreto canto marca de análises ao mes? Once analíticas ao mes; sabe cantas análises se fixeron no mes de decembro do ano 2017? 772 análises, desas análises 772 fronte a 17, todas deron coa auga de Vigo apta para o consumo, co cal Sra. Muñoz e señores do Partido Popular, deixen de crear esta incerteza, deixen de facer e de crear esta alarma social e esta confusión, porque xa que non hai alarma sanitaria nin a houbo, nin haberá, o que están a facer vostedes é puro teatro de confusión política e cremos que co tema da auga non se debería xogar.

Resultaría igualmente esclarecedor que da mesma maneira por parte da Xunta de Galicia fanse públicas as analíticas que se obteñen con algún parámetro con presunción de non conformidade, xa que en 24 horas teñen que facer a proba de contraste e nunca anunciaron esa proba de contraste porque cando a fan saben que non é certa, todos nos lembramos de aqueles 1.800 de ferro que nos dixeron que había en Canido, é como si din que en Canido a xente mide 4 metros, calquera persoa dun laboratorio, calquera persoa que teña coñecemento da auga de calquera cidade, sabe que iso é unha barbaridade e que é completamente falso,

1.800 e sae o señor delegado da Xunta de Galicia en Vigo dicíndoo e non se pon roxo, é como se eu digo que en Canido a xente toda mide 4 metros e no me poño colorado, é que vostedes señores do Partido Popular que non se poñen roxos con nada. Tamén nos din “instar ao goberno municipal a dar a coñecer de modo exhaustivo os métodos de control empregados para garantir a calidade da auga”, os métodos que se están a usar neste concello son os métodos de control que se axustan ao previsto no Real Decreto 140/2003, polo que se establecen os criterios sanitarios de calidade da auga para o consumo humano, tal e como establece o Real Decreto no seu artigo 4 que di “que cando a captación ou a caución do tratamento, a distribución ou o autocontrol da auga do consumo o faga o xestor distinto do municipio, este velará polo cumprimento deste Real Decreto por parte dos mesmos”, por iso o avalamos con todas estas analíticas que facemos, o que reflicten os resultados das analíticas feitas por Aqualia é que a auga de Vigo é apta para o consumo humano, por iso non temos ningún documento da autoridade competente que é Xunta de Galicia en materia de sanidade que diga o contrario, e paréceme pouco responsable por parte de Xunta de Galicia, estes resultados teñen tódalas garantías de cumprimento do laboratorio, un laboratorio o de Aqualia certificado por Aenor en tódolos seus procesos, como non pode ser doutra forma para garantir as análises que se fan por parte do servizo da auga de Vigo sexan os que marcan a lei e estes resultados teñen tódalas garantías de cumprimento do laboratorio, instalado na Tad do Casal, tódolos requisitos solicitados polo Real Decreto 140/2003, no seu artigo 16, para o laboratorio de control de calidade da auga de consumo humano, así teñen o certificado ISO 9001 de calidade esixida na normativa, ademais posúe tamén o certificado ambiental, o ISO 14.001 de xestión medio ambiental e o certificado tamén do sistema de xestión enerxética, certificados todos que ensinamos de forma reiterada. “Instar ao goberno, dicía o Partido Popular, municipal a esixir á concesionaria que publique na súa páxina web os resultados de tódalas analíticas que se fagan dos controis que se fagan nas distintas zonas de Vigo, para que as veciñas/os teñan a súa disposición toda a información necesaria”. Os datos de Aqualia xa están publicados de maneira como o fixa a normativa, o Real Decreto 140/2003, polo que se establecen os criterios sanitarios de calidade da auga de consumo humano, fixa no seu artigo 30 o procedemento para facer pública esta documentación e está dispoñible segundo se

fai e se establece a través do SINAC, do que está estipulado, o Sistema de Información Nacional de Auga de Consumo, estráñame que vostedes non o coñezan porque depende dun goberno presidido por vostedes, aquí está se entran na páxina do Ministerio de Sanidade no SINAC e ven como está colgado, entran nesta páxina, ven onde se desenvolven as distintas concas, entran na área de Vigo e ven o desenvolvemento da auga e das analíticas da auga de Vigo, co cal xa está publicado e está publicado onde ten que estar, non nunha cafetería, ten que estar publicado no SINAC, que depende do Ministerio de Sanidade e aí é onde están publicados os datos da auga, como marca a lei e como marca o Real Decreto.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Mire, Sr. Regades, unha vez máis aquí acaba de recoñecer que nos están ocultando os controis porque acaba de recoñecer que no mes de decembro tiñan 772 controis, e o repetiu, 772 controis e eu lle digo, nos datos que nos mandaron de novembro e de decembro, en decembro nos mandaron 271 controis, onde están os 500 controis que fallan de decembro Sr. Regades? Onde están? Tenos vostedes aí, se os ten aí démos porque nós queremos saber tódolos resultados dos controis e vostedes só nos mandaron os que lles interesaban, esa é a realidade, están vostedes ocultando os datos dos resultados dos controis, realmente é vergoñento e aínda teñen vostede máis que dicir, cando uns resultados dos controis que xa nos mandaron, que dan ferro por enriba do recomendable, aluminio por enriba do recomendable, color, turbia, vostede se cree que os vigueses se merecen beber esta auga? Merecen beber esta auga que vostedes nos queren facer beber? Merecen beber auga amarela? Merecen beber auga que está fora dos valores recomendados de todos eses minerais? Con trialometanos que son canceríxenos, merecen beber os vigueses esa auga? Merecen bebelas? É grave Sr. Regades e o que é máis grave, están vostedes fora xa do sentido común, perderon a noción da realidade, están nunha espiral de mentiras que iniciou o Sr. Alcalde de Vigo e que o Sr. Caballero, que non da a cara, que está facendo un acto de covardía extraordinario non dando a cara nun tema tan importante para os vigueses e lle deixa aquí a vostede solo ante o perigo, esa é a realidade e vostede unha vez máis recoñece que nos están ocultando os controis, nós queremos transparencia, queremos que os resultados dos controis sexan públicos, todos, non porque o diga a normativa, non, para poder poñerse unha

medalla na transparencia e que saibamos o resultado dos controis, queremos que nos deixen de mentir, están vostedes dando unha imaxe lamentable como goberno, pasaron tódolos límites, en política non todo vale e a saúde é o primeiro para tódolos vigueses, vostedes pasaron tódolos límites, os límites da decencia e da legalidade, e iso xa se verá nos tribunais que é onde vai acabar porque isto non se vai consentir e non imos consentir que estean vostedes tomándolle o pelo a toda a cidade unha vez máis, con este tema non, queremos os datos, os resultados e queremos os informes, todos, e queremos que respondan vostedes de por que tiñan datos nas súas mans e informes nas súas mans que superaban os límites de potabilidade e non llo contaron a ninguén, señores, iso é unha vergoña que levarán vostedes o resto do goberno que lles queda que esperemos que sexa pouco.

PRESIDENCIA: Sr. Fidalgo, eu coa Sra. Muñoz Fonteriz, quere que lle diga o seu segundo apelido porque mo solicitou ela, así que vostede non se ruborice, é unha cousa que ela me solicitou nun momento e eu respecto a solicitude, díxome, non me chame solo Muñoz, chámeme Muñoz Fonteriz e eu respecto, pero non se revolucione vostede Sr. Fidalgo, é que a vostede todo lle parece mal, pense que todo ten unha segunda volta, que ten un ataque político, non, é unha cousa que me solicitou ela e se quere pois dígallo a ela, non lle diga ao Sr. Regades que a chame polo seu segundo apelido, pero non pasa nada, iso son cousas do Sr. Fidalgo que xa sabemos que ten que protestar por todo e a todas horas.

Eu creo que aquí hai cousas que hai que apuntar, hai cousas que son destacables, o primeiro a Sra. Muñoz dicía non recomendable, e é o que hai que dicir, porque a auga é apta para o consumo humano na cidade Vigo e quero que quede claro para tódalas veciñas/os e a entidade que ten responsabilidade para declarar se a auga é apta ou non apta, se é potable ou non potable é a Xunta de Galicia, e non o fixo, co cal deixen de crear confusión, Sra. Muñoz, non imos a debater, vostede xa fixo a súa exposición, agora estou pechando este debate como presidente que son nestes momentos do Pleno. A vostede deixei a falar Sra. Muñoz e deixei a falar máis tempo de 5 minutos, e despois máis tempo dos 3, sabe por que Sra. Muñoz? Porque eu creo que era un tema que había que explicarse e tiña que dicirlle á xente que era mentira o que estaba a dicir, que a auga é potable e que a auga é apta e que ten tódolos informes e cando vostede me di que non están publicados na páxina

web e eu lle digo na cafetería Montesol non están, pero na páxina do ministerio si, é o único que lle estou a dicir.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernández, por ausencia do seu titular.)

VOTACIÓN: Con dez votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e quince votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 26.01.2018 (Rex. Nº 1695/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

11(11).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO PLENO MANIFESTE O SEU APOIO Á FIGURA DA PRISIÓN PERMANENTE REVISABLE INCORPORADA POLA LEI ORGÁNICA 1/2015, DO 30 DE MARZO, POLA QUE SE MODIFICA A LEI ORGÁNICA 10/1995, DO 24 DE NOVIEMBRE, DO CÓDIGO PENAL. EXPTE. 1696/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de xaneiro de 2018, número 1696/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

MOCIÓN

"A Lei Orgánica 1/2015, do 30 de marzo, pola que se modifica a Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, que entrou en vigor o 1 de xullo de 2015, introduciu na nosa lexislación a prisión permanente revisable.

Trátase dun instrumento que existe en moitos países da nosa contorna, en gobernos de todo tipo de corte político; é unha institución coherente, que se incorpora ben ao noso modelo de garantías e ten perfecto encaixe penal.

A prisión permanente revisable, sinálao claramente a Exposición de Motivos desta Lei, non renuncia á reinserción do penado, pois unha vez cumprida unha parte mínima da condena, "un Tribunal deberá valorar novamente as circunstancias do penado e do delito cometido e poderá revisar a súa situación persoal".

A previsión desta revisión xudicial periódica da situación persoal do penado, idónea para poder verificar en cada caso o necesario prognóstico favorable de reinserción social, di a Exposición de Motivos, "afasta toda dúbida de inhumanidade desta pena, ao garantir un horizonte de liberdade para o condenado". Unha vez cumprido o tempo mínimo da pena, "se o Tribunal considera que non concorren os requisitos necesarios para que o penado poida recuperar a liberdade, fixarase un prazo para levar a cabo unha nova revisión da súa situación; e se, pola contra, o Tribunal valora que cumpre os requisitos necesarios para quedar en liberdade, establecerase un prazo de liberdade condicional no que se impoñerán condicións e medidas de control orientadas tanto a garantir a seguridade da sociedade, como a asistir ao penado nesta fase final da súa reinserción social".

Engade a Exposición de Motivos que "a pena de prisión permanente revisable non constitúe, por iso, unha sorte de «pena definitiva» na que o Estado se desentende do penado. Ao contrario, trátase dunha institución que compatibiliza a existencia dunha resposta penal axustada á gravidade da culpabilidade, coa finalidade de reeducación á que debe ser orientada a execución das penas de prisión".

Igualmente sinala que "se trata, en realidade, dun modelo estendido no Dereito comparado europeo que o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos considerou axustado á Convención Europea de Dereitos Humanos, pois declarou que cando a lei nacional ofrece a posibilidade de revisión da condena de duración indeterminada con vistas á súa conmutación, remisión, terminación ou liberdade condicional do penado, isto é suficiente para dar satisfacción ao artigo 3 do Convenio (cfr. SSTEDH 12-2-2008, caso Kafkaris vs. Chipre; 3-11-2009, caso Meixner vs. Alemaña; 13-11-2014, caso Caso Bodein vs. Francia; 3-2-2015, caso Hutchinson vs. Reino Unido)".

A pesar de todo iso, varios grupos parlamentarios presentaron recurso de inconstitucionalidade, recurso que o Tribunal Constitucional admitiu a trámite en xullo de 2015. A admisión a trámite non supón pronunciamento algún sobre o fondo do asunto, aínda que algúns pretenden a derogación desta medida sen esperar o pronunciamento do Tribunal Constitucional.

Así, o 4 de outubro de 2016 o Pleno do Congreso dos Deputados debateu e aprobou por maioría dos Grupos Parlamentarios Vasco (EAJ-PNV), Socialista, Esquerra Republicana, Confederal de Unidos Podemos-En Comú Podem-En Marea, Mixto e a abstención de Cidadáns, e só co voto en contra do Grupo Parlamentario Popular, a Proposición non de Lei para a Derrogación da Pena de Prisión Permanente Revisable.

E máis recentemente, o pasado 10 de novembro, foi admitida a trámite unha Proposición de Lei de Modificación da L.O. 10/1995 do Código penal (Orgánica), que pretende derrogar a prisión permanente revisable e que contou co único voto en contra do Grupo Popular.

Tras estes feitos e actuacións, son multitude os cidadáns que manifestaron o seu apoio á pena de prisión permanente revisable como medio para garantir a seguridade, os dereitos e liberdades de todos os españois.

É fundamental que esta pena se mantéña no noso ordenamento, e para iso Vigo non se pode quedar á marxe. Estamos a falar de garantías para toda a sociedade e de xustiza para vítimas como Déborah, Diana, Sonia ou Marta del Castillo, da que se acaban de cumprir 9 anos do seu asasinato. Por isto desde o Grupo Municipal do Partido Popular de Vigo reclamamos xustiza para as súas familias e para a sociedade. Para iso, o apoio á prisión permanente revisable transcende ao debate político sendo unha obrigaón de todos os cidadáns para garantir unha sociedade máis xusta.

Por isto, o Grupo Municipal do Partido Popular de Vigo propón ao Pleno da Corporación do Excmo. Concello de Vigo a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO.- O Pleno do Concello de Vigo manifesta o seu apoio á figura da prisión permanente revisable incorporada ao ordenamento xurídico español pola Lei Orgánica 1/2015, do 30 de marzo, pola que se modifica a Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal.

SEGUNDO.- O Pleno do Concello de Vigo insta aos diferentes Grupos Parlamentarios con representación no Congreso dos Deputados a que reconsideren a súa postura sobre a derogación da prisión permanente revisable.

TERCEIRO.- Dar traslado destes acordos ao Ministro de Xustiza, aos Grupos Políticos do Congreso, Senado, do Parlamento de Galicia e á Xunta de Goberno da FEMP.”

DEBATE:

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Neste caso estamos a falar dunha moción que presentamos dende o grupo municipal do Partido Popular para falar dun tema que nos parece extraordinariamente importante, un tema ademais que está sendo obxecto neste momento tamén dun debate social intenso no que hai un movemento social claramente apoiando este debate, o da prisión permanente revisable, dende o Partido Popular dende logo estamos absolutamente convencidos de que este é un tema capital e que a prisión permanente revisable debe seguir no noso ordenamento xurídico e por iso non queríamos que Vigo, unha das cidades máis importantes de España se quedara fora de falar e de pronunciarse esta Corporación sobre algo que insisto é extraordinariamente importante.

A prisión permanente revisable, hai que lembrar que está no noso código penal dende o ano 2015, que foi incorporada polo Partido Popular para recoller esta pena ante delitos graves, quero recalcar que esta pena está destinada a delitos graves, non é unha pena habitual, é unha pena extraordinaria para delitos extraordinarios, asasinatos de menores de 16 anos ou persoas especialmente vulnerables, asasinatos que teñen lugar despois de cometer un delito contra a liberdade sexual da vítima, asasinatos que se cometen pertencendo a unha organización criminal, homicidio do rei ou herdeiro da coroa, terrorismo con resultado de morte, homicidio do xefe do Estado ou casos graves de xenocidio e delitos de lesa humanidade, estes son os sete casos nos que está prevista a prisión permanente revisable, casos extraordinarios que necesitan tamén unha pena extraordinaria da que carecía o noso ordenamento xurídico, isto non significa unha cadea perpetua, é revisable en función de si o que cometeu o delito e o condenado se reinsertou ou non se reinsertou, é fundamental clarexar este punto, porque hai algúns debates que queren desviar a atención e facer pensar que estamos a falar dunha prisión, dunha cadea perpetúa, ademais é unha pena que non é algo único de España que a teñen noutros países da nosa contorna de Europa, por certo, dende hai moitos máis anos do que o temos en España, pero que xa estaba no seu ordenamento xurídico polo tanto, estamos a falar dunha pena que é recoñecida, non só por tódolos países, a teñen incorporada moitos países, senón tamén recoñecida polo Tribunal de Dereitos Humanos que é perfectamente compatible cos dereitos humanos, avalada polo Consello Xeral do Poder Xudicial, avalada como digo polo

Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, en definitiva, é unha pena que é proporcionada dende logo á gravidade extrema do delito para o que está pensada. Dende logo dende o Partido Popular estamos convencidos de que este é un tema de xustiza, que non estamos a falar de vinganza como algúns queren derivar este debate, non é unha cuestión de vinganza, é unha cuestión de xustiza para ás vítimas e para as súas familias, o primeiro, de xustiza para eles, de vítimas como Marta del Castillo, Diana Quer, como Débora, unha viguesa asasinada na que desgraciadamente aínda non se atopou ao asasino e non se lle puido condenar e casos similares, que merecen unha pena contundente e dende logo merecen que os agresores e os asasinos teñan unha pena proporcionada ao delito que cometeron, e sobre todo se garanta por parte da xustiza que houbo unha completa rehabilitación antes de que saian a rúa. Por iso non é só de xustiza, senón tamén é de garantía, de garantía para toda a sociedade, de que esas persoas sen rehabilitar, que cometeron delitos tan importantes non volvan outra vez á sociedade para volver a reincidir neses delitos, estamos a falar de algo extraordinariamente importante e sinceramente teño que lamentar que estean a falar por teléfono ou que se estean ausentando os membros do goberno municipal ante un tema tan extraordinariamente importante, sinceramente espero que iso non signifique que non se vai a aprobar esta moción que como digo é de xustiza. Dende o Partido Popular cremos que Vigo tense que pronunciar, dende o Partido Popular cremos ademais que sendo o Alcalde de Vigo o Presidente da Federación Española de Municipios e Provincias tamén é moi importante que se manifeste en apoio, que é un movemento social incontestable, que estamos a falar non dunha cuestión política senón dunha demanda social e esperemos que esteamos ao nivel do que os cidadáns nos esixen e nos está a pedir neste tema.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Hai maneiras diferentes de legislar, unha é co análise das cifras nun criterio xurídico de maior efectividade na loita contra a delincuencia e na busca da reinserción social, outra podería ser un criterio electoral, baseado en certos casos moi mediáticos que puxeron de manifesto que proxectar unha imaxe de man dura, da réditos electorais, é un dos exemplos máis claros de populismo punitivo, que converte ao Código Penal nun instrumento de axitación e propaganda, non podemos imaxinar, non podemos intuír sequera a inmensa dor

que senten as familias das persoas que cita a exposición de motivos desta moción, calquera de nós, calquera persoa que pase por estas terribles experiencias, pediría cadea perpetúa, se eu pasaxe pola metade da dor pola que pasaron estas familias pediría máis aínda pero así non se legisla e o Partido Popular usando esas familias, incluso na exposición de motivos sen disimulo ningún o que ten confirma que isto non é máis que populismo punitivo. A única aspiración deste tipo de medidas que denigra ás persoas expertas e profesionais e apela aos sentimentos máis básicos, encauzar tódolos sentimentos de precariedade, medo, inseguridade da cidadanía a través do castigo do delincuente ou desviado e dar a sensación de que algo se está a facer, mentres a realidade é a contraria, é dicir, o dereito penal convertido en válvula de escape ante medos e incertezas.

Certamente o control da delincuencia con esta ideoloxía populista, renuncia á intervención estatal a través de medidas de prevención, educación, saúde mental e programas de tratamento para a recuperación do delincuente e céntrase en controlar aos grupos de individuos que presenten risco de cometer un delito, mediante medidas exclusivamente punitivas, iso si, sen ningunha aspiración de erradicar o crime, cousa que non é posible con este tipo de medidas, cousa demostrable coa escasa, nula incidencia na baixa de delitos graves en países que incluso teñen no seu código penal a pena de morte.

E non afirmamos que non existan persoas que non son rehabilitables, existen, o que afirmamos é que esta medida non vai ser efectiva, afirmamos que se hai que abrir un debate sobre casos concretos onde non existe a posibilidade de rehabilitación o camiño non pode ser este, e afirmamos que ao final a cadea perpetúa servirá a fins diferentes aos que nos está a vender o Partido Popular. En perfecta coherencia con esta chamada aos sentimentos e non á razón, o Partido Popular tamén obvia o que poderíamos chamar xustificacións técnicas á realidade, é da un sesgo moi parcial á súa exposición de motivos.

O argumento de que no noso entorno existe unha figura penal similar en Austria, Luxemburgo, Gran Bretaña, Italia, Holanda ou Alemaña, non é certa senón dende un punto de vista meramente semántico, xa que nestes países á diferenza de España, o reo pode pedir a liberdade condicional cando cumpra os 15 anos de condena. O Ministro de Xustiza o Sr. Rafael Catalá, argumentou que o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos avalou a compatibilidade desta medida co artigo 3

da Convención Europea, o que non dixo que o mesmo Tribunal xa ditou resolucións que denuncian que a prisión permanente revisable vulnera o artigo 5, que obriga a buscar a reinserción dos presos e presas. O funcionariado de prisións, un colectivo diezmado polos recortes, denuncian que a formulación que fan da revisión de condena e tan lonxana no tempo que deixa a esa persoa presa sen saída e ao funcionariado sen ningún instrumento para regular a súa conduta. En distintas resolucións o Comité de Dereitos Humanos das Nacións Unidas, organismo que vela polo respecto ao pacto internacional dos dereitos civís, advertiron que calquera pena de reclusión efectiva superior aos 20 anos, pode chegar a ser considerada como trato inhumano, cruel ou degradante e polo tanto ser contraria ao dereito internacional, ademais de afastarse dos obxectivos de sanción de garantir a reintegración social da persoa infractora.

España é un dos países máis seguros da Unión Europea, onde a taxa media de asasinatos ou homicidios é do 0,69% por cada 100.000 habitantes, fronte a europea que se sitúa non 0,92%, en cambio o número de reclusos e reclusas por 100.000 habitantes en España é moi superior ao dos países da nosa contorna, 147 presos/as por cada 100.000 habitantes, fronte a 98 en Francia ou 79 en Alemaña, evidencia de que a diferenza dos países da nosa contorna que adican os seus recursos a reinsertar aos presos/as, no caso do goberno de España vulnérase este mandato constitucional e único obxectivo é o punitivo. Se hai que abrir un debate sobre cales son os instrumentos a utilizar no caso puntual dunha persoa para a que non haxa rehabilitación posible, fagámolo, pero non mintamos á cidadanía, isto non é ningunha solución, só é campaña electoral e a Marea de Vigo non vai caer en simplificacións ao absurdo.

SR. LÓPEZ FONT: Evidentemente para os cidadáns son momentos moi duros, o acontecemento que vivimos en datas recentes no mes de decembro tamén unido a outros acontecementos anteriores que están na mente de todos e que inclusive non están resoltos certamente nos dañaron a todos, o dano foi inmenso e dende aquí evidentemente o primeiro que temos que manifestar é toda a nosa solidariedade coas vítimas, cos familiares que os familiares cumpren unha dobre condena en canto a perda dun ser querido e en canto a todo o que teñen que percorrer e soportar posteriormente.

Tamén quero facer un recoñecemento ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado porque a situación que vivimos no mes de decembro, moi preto de aquí a verdade é que o esclarecemento dun caso certamente difícil ven a corroborar, aínda que non teña que ver o que dicíamos anteriormente nunha moción, nese empeño, nese traballo que cualitativamente se fai, polo tanto, todo o noso apoio a vítimas e a familiares pero non compartimos a literalidade desta moción, creo que en momentos en que todos sufrimos esa dor que dicía anteriormente, os debates hai que centralos onde corresponde, e a literalidade desta moción introduce aquí un debate que é no Parlamento, que en todo caso e como se dicía anteriormente se hai que revisar será cando toque e no ámbito que toque, tamén por unha cuestión porque hai que ser certamente respectuosos cos tempos, foi unha lei aprobada, houbo un recurso de constitucionalidade, ao Partido Popular, aceptado polo Tribunal Constitucional e polo tanto pendente aínda da súa resolución, ao Partido Popular que lle gusta tanto falar dos tempos xudiciais e de cando se produzan as resolucións en calquera dos ámbitos, pois, certamente aquí tamén deberíamos ser rigorosos.

Polo tanto, entendemos que esta moción nun momento moi difícil para os cidadáns, xa digo, para a nosa sensibilidade, penetra literalmente nun debate político, nun pronunciamento que isto non corresponde aquí e como entendemos que esa parte política cando toque se debe facer no ámbito que corresponda e respectando os distintos recursos e posturas dos grupos políticos e ese ámbito evidentemente non é aquí, é no Parlamento e polo tanto, cremos que se perdeu unha boa oportunidade do que debería de ser unha moción que iso é o que nós cremos que dende aquí debemos manifestar de todo o noso apoio, solidariedade a aquelas vítimas e aos familiares, perdeuse unha ocasión penetrando nun debate político que si realmente se produce na sociedade, que si realmente os grupos políticos que xa votaron a lei e que volveron a votar posteriormente en outubro de 2016, creo recordar serán eles e nós respectuosos con ese ámbito onde isto se teña que debater, pero como todo isto ten as implicacións que ten eu me repito e me reitero, neste momento tan difícil para a sociedade no seu conxunto, dende aquí, dende o noso grupo, todo ese apoio e toda esa solidariedade ás vítimas e aos seus familiares.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade que Sr. Font, eu creo que vostede non se informou ben para defender esta moción, este non é un debate que abriu o Partido Popular, Sr. Font, é un debate que abriron outros, hai unha lei aprobada e vixente e un ordenamento xurídico vixente que regula e recolle esa figura legal, e nada nin ninguén pedira que se reabrira ese debate e menos o Partido Popular, abrírono outros partidos entre o que está o Partido Socialista, e esperaba eu aquí que vostedes non seguisen os ditados do Sr. Sánchez, pero vexo que si, que pasa que non lles deixan apoiar esta moción? Este debate abriuno o Partido Socialista e o Partido Nacionalista Vasco e outros partidos, non o Partido Popular, indo en contra ademais do que pensan os cidadáns porque os cidadáns maioritariamente, independentemente da súa ideoloxía política, apoian esta prisión permanente revisable e apoian esta pena, iso é o que hai, unha maioría social que a apoia, e vostedes están actuando en contra da maioría por intereses políticos e reabriron este debate, e o que levamos aquí é precisamente apoiar esta pena, apoiar de verdade ás vítimas e as súas familiares, non de boca para afora, Sr. Font, non se pode dicir os apoiamos e despois non lexislamos en consecuencia e queremos cambiar unha norma que está precisamente para defendelos, que foi instaurada esta norma precisamente porque había un clamor social polos crimes da banda terrorista ETA, polos crimes que se estaban a producir contra mulleres, contra menores, contra persoas indefensas que esixían como crimes extraordinarios tamén penas extraordinarias, por iso se puxo a prisión permanente revisable por parte do Partido Popular no ano 2015, non se confunda, nós non temos dúbidas, nós non temos ningunha dúbida en ningunha parte de España, señores do goberno municipal e defendemos alto e claro o que cremos que é de xustiza, para todos, para as familias, para as vítimas e é de garantía para toda a sociedade, e o Partido Popular teno moi claro, señores do goberno municipal do Partido Socialista e tamén da Marea de Vigo que segue os ditados de Podemos, nós estamos coas vítimas, sempre estivemos coas vítimas e sempre estaremos do lado das vítimas, desgraciadamente algúns se posicionan do lado dos verdugos, pero nós estamos do lado das vítimas, pregúntense vostedes de que lado están antes de votar esta moción.

PRESIDENCIA: A verdade é que hoxe xa escoitamos de todo, non? Escoitamos que estabamos a favor do Sr. Sánchez, que estamos en contra, pero a verdade que hoxe nin que houbera eleccións xerais anticipadas porque cantas veces saíu o Sr. Sánchez neste debate e despois o grupo Socialista, o Sr. López Font díxoo de forma reiterada, estamos ao carón das vítimas non estamos a facer política coas vítimas.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernández, por ausencia do seu titular.)

VOTACIÓN: Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, tres votos en contra dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e catorce abstencións dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 26.01.2018 (Rex. Nº 1696/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

FORMULACIÓN DE ROGOS.

12(12).- ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ, RELATIVO A CONCESIÓN DE VACACIÓNS Á POLICÍA LOCAL NO DÍA DE NOITEBOA.

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Rogaríamos que a partires de agora o 24 de decembro, que é o día de Noiteboa, se dera vacacións totais de noite á Policía Local. Dígoo porque nos barrios populosos, sobre todo Coia, as familias soen xuntarse para celebrar a Noiteboa e este ano houbo no prazo de 4 horas dez denuncias na rúa Marín, baixada á Fonte e rúa Moaña, que lle dean vacacións simplemente porque eles terán que cumprir pero que lle dean vacacións.

13(13).- ROGO FORMULADO POLO CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SR. JÁCOME ENRÍQUEZ, RELATIVO Á DOCUMENTACIÓN SOLICITADA DOS RESULTADOS DA ANÁLISES DE AUGA.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Con data de 21 de decembro do 2017, este grupo municipal solicitou copia dos resultados das análises de auga para consumo humano, rede de abastecemento e billa do consumidor feitas polo laboratorio municipal dende o mes de setembro, rogamos que nos sexa entregada esta documentación.

PRESIDENCIA: Recollido o seu rogo.

FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

14(14).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. FIDALGO IGLESIAS, RELATIVO AO CAMPO DE FÚTBOL DO GRAN PEÑA.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Queríamos preguntarlle ao Alcalde ou ao Concelleiro de Deportes por que se apropiaron do campo de fútbol do Gran Peña, porque lles mentiron, enganaron e lles dixeron que lles ían arranxar o campo pero ao final non lles deixan o campo.

PRESIDENCIA: Contestaráselle por escrito.

15(15).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ, RELATIVO ÁS PREGUNTAS FEITAS NO PLENO SEN CONTESTAR.

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Digo simplemente, cando nos van contestar ás preguntas que se din aquí “contestaranlle por escrito”?

PRESIDENCIA: Tódalas preguntas de Pleno que se contestan por escrito, polo menos temos constancia, falarei co secretario ao rematar este Pleno, se contestan no período, é dicir, entre Pleno e Pleno, pero repasaremos se hai algunha que quedou sen contestar.

16(16).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SR. PÉREZ CORREA, RELATIVO AO PLAN QUE SE ÍA FACER PARA A CASA DA XUVENTUDE.

SR. PÉREZ CORREA: No Pleno de agosto que se realizou en setembro que levamos unha moción sobre a Casa da Xuventude, se nos dixo que “brevemente presentaremos un plan marabilloso e fantástico para a Casa da Xuventude” estamos en decembro, cando se vai presentar ese marabillo e fantástico Plan de Xuventude que se anunciou no Pleno de setembro?

PRESIDENCIA: Responderáselle por escrito.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás once horas e cincuenta e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.